


CAPÍTULO II

A EMIGRACIÓN ESPAÑOLA A FRANCIA



2.1. INTRODUCCIÓN

A diversidade cultural das sociedades europeas está marcada pola historia de cada unha delas e das súas migracións. Non hai que esquecer que as grandes migracións transoceánicas do século XIX e XX cara ás dúas Américas e Australia constituíron un fenómeno social e cultural de grande relevancia¹¹⁰. Ducias de millóns de europeos están ligados ben polas súas experiencias de emigración, ben por relacións de parentesco ou por solidariedades colectivas, ás poboacións das Américas e Australia. Esta migración transoceánica¹¹¹ forma parte da cultura e da conciencia das sociedades Europeas¹¹².

A situación histórica e demográfica francesa, especialmente polo que se refire ó seu escaso nivel de poboación con respecto ós demais países, condicionou fortemente a súa tradición nacional. Esta situación evidénciase con maior claridade ó longo de todo o século XIX e na primeira metade do XX¹¹³. Coa revolución industrial e co período de colonización o fluxo migratorio incrementouse e pasa a considerarse como un impulso para o desenvolvemento do país.

O pluralismo nacional e étnico introducido polas migracións distínguese non só porque non reivindica ningún territorio, senón sobre todo porque expresa a adscrición da poboación a unha clase social, a un estatus económico específico, a un estatus xurídico e político particular, a un pertencer cultural estranxeiro que fai referencia a unha cultura construída fóra do contexto do territorio nacional. Esta plurinacionalidade caracterízase pola xerarquización e estratificación social e xurídica onde a diferenza se identifica ou confunde coa desigualdade. Pódese afirmar que os países da Unión Europea só se poden definir como países de emigración naqueles casos nos que os emigrantes non participaron na formación

¹¹⁰ VILLARES PAZ, R. (1996): *Historia da emigración galega a América*. Xunta de Galicia; RODRÍGUEZ, GALDO, M^o.X. (1995): *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ó XX*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

¹¹¹ SANTOS REGO, M.A. (1995): "A cuestión educativo e sociocultural na emigración galega a América". *Grial*. Nº 128, Vol XXXIII, pp:555-570; PEÑA SAAVEDRA, V. (1991): *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

¹¹² PEROTTI, A. (1992): *Points de repère sur la société pluriculturelle en Europe*. Conseil de L'Europe, Strasbourg, p.12.

¹¹³ MALET, E. (1994): *La xenophobia*. UNESCO, París, p.49.

histórica da nación e onde a poboación de "raíz de toda a vida" está lonxe de ter sido absorbida pola poboación emigrada.

No presente capítulo ofrecemos unha análise que nos facilita un acercamento á realidade histórica da emigración española en Francia. Aproximación histórica dende diversos ámbitos: político e legislativo, social e demográfico, educativo e cultural, xa que falar de proceso histórico da emigración implica falar de diferenza cando non de segregación. O racismo biolóxico nunca foi unha "especialidade francesa", sen embargo, a diferenza entre estranxeiros e nacionais sempre foi marcada, basta evoca-lo lugar ocupado na tradición burocrática francesa dos "papiers d'identité". Os historiadores foron os primeiros en abrir este debate.

Con este fin sistematizaremos os ciclos históricos relevantes deste fenómeno, desglosando os mesmos en etapas máis ou menos dilatadas segundo o momento social ó que nos refiramos.

En xeral, sinalaremos catro grandes períodos que están configurados do seguinte xeito: o primeiro pola chamada "onda clandestina" de 1956-1965; o segundo de 1966-1973, etapa de apertura e reagrupación familiar; o terceiro de 1974-1977, momento difícil para a emigración no que se produce o peche das fronteiras a Europa e en concreto a do país que nos ocupa. A última etapa abrangue o período de 1978 ata a actualidade, período no que a evolución da emigración é unha prolongación da situación social e da política anterior, pero cunha variable importante a reseñar no último ano: a apertura das fronteiras dos países europeos. Este feito supón un transvase de traballadores dun lugar a outro, pero non evita que a situación anterior siga latente.

2.2. ENCADRE HISTÓRICO (SÉCULOS XIX-XX)

Aínda que durante o século XIX e a primeira metade do XX a emigración española se dirixiu maioritariamente cara a América, o fenómeno migratorio español sempre foi importante para Francia.

A situación xeográfica deste país, a súa tradición de terra de acollida - mesmo cando esa acollida é con frecuencia cuestionada e incluso hostil- favorece, en xeral, o acceso da poboación española ó país veciño. A súa cercanía e cultura

compartida, coincidencia relixiosa, as raíces lingüísticas comúns, posibilitan en certos casos unha aproximación e aínda a asimilación do colectivo emigrado.

A emigración española a Europa, e en concreto a Francia, é unha emigración "antigua" pois principia a finais do século XIX, mentres que a que se dirixe a Alemania, Suiza e outros países do seu entorno, non comeza a ter importancia ata despois da Segunda Guerra Mundial. Ó longo da súa historia encarnouse en tódolos tipos de emigración xa fora temporal ou definitiva, individual ou colectiva¹¹⁴, económica ou política, de man de obra ou de repoboación.

Cando a emigración se converte nun fenómeno de grandes dimensións, inmediatamente aparece a regulamentación para estranxeiros. Son adoptadas un arsenal de medidas xurídicas e administrativas para fixa-la identidade dos estranxeiros e controla-las súas idas e regresos. Así, o Decreto de agosto de 1888 impón ós estranxeiros en Francia o deber de contar con papeis de identificación que lle permitan ó Estado cuantificar, regulamentar e vixiar a este colectivo. Podemos afirmar que estes primeiros documentos identificativos son os antecedentes da actual carta de estancia ou residencia. En 1889 adóptase o primeiro código da nacionalidade cunha lectura dobre do "ius soli"; o neno nado de pais franceses é francés sen posibilidade de declina-la súa nacionalidade (desaparece o principio de admisión no domicilio, que nunca volverá a ser tomado en consideración en ningunha lei posterior da nacionalidade), e o neno nado de pais estranxeiros en Francia, converterase en francés cando chegue á súa maioría de idade, agás se declina a nacionalidade francesa.

Dende mediados do século XIX a industria francesa necesita man de obra que obterá dos emigrantes fronteirizos. Sinálase como problema de trasfondo a baixa natalidade que xa afecta a Francia ó redor dos anos 50, moito antes que ós demais países europeos. Así, Gérard Noiriel sinala:

"... Francia en particular baixo a III República, non pode permitirse o luxo dunha industrialización a marchas forzadas, efectuada sobre as espaldas dos traballadores nacionais. De aí, o recurrir a

¹¹⁴ Por exemplo, o éxodo dos republicanos en febreiro de 1939. As migracións estacionais para a recolecta da uva no Sur de Francia son tamén migracións de tipo colectivo.

unha man de obra estranxeira que permita a modernización do país sen o perigo dunha explosión social ou da desaprobación popular polo sufraxio "universal" (traducido por nós)¹¹⁵.

Noiriel sitúa a emerxencia da "inmigración", no sentido moderno do termo, coa aparición da democracia política, é dicir, o sistema parlamentario (con cidadáns electores e cidadáns elixidos) "quen xoga un gran rol na <inserción> do problema da inmigración (traducido por nós)¹¹⁶.

En torno ós anos vinte do século actual Francia require a man de obra estranxeira para levanta-lo país debido ó déficit demográfico que rexistra pois; á baixa natalidade hai que engadi-las perdas humanas producidas pola Primeira Guerra Mundial. Esta primeira emigración non mostra sinais nin desexos de integrarse, e mesmo a súa integración é moi dificultosa posto que pensan estar en Francia só provisionalmente, ata que a situación do seu país mellore; polo tanto, tende a ignorar todo o que lle rodea.

Xa en 1921 a colectividade española ocupa o terceiro lugar respecto ós demais colectivos emigrantes¹¹⁷, cunha cifra global de 255.000 censados -que se manterá ata 1954- fronte a 1.132.000 estranxeiros en total, o que representa en termos relativos un 22,53%. En 1931 ano culminante da presenza estranxeira, o colectivo emigrante alcanza os 2.900.000. Unha lei de 1927 posibilitarálle-lo acceso á nacionalidade francesa e aproximadamente uns 450.000 amparáranse nela. O cénit acadase en 1939 "...onde 300.000 persoas fuxindo de Franco buscan sobrevivir no paso da fronteira (traducido por nós)¹¹⁸.

¹¹⁵ LE POINT SUR. (1991): "L'Histoire de L'immigration". *Le Point Sur. Agence pour le développement des relations interculturelles, Issy-les-Moulineaux*, p. 2. "*France en particulier sous la III République, ne peut s'offrir le luxe d'une industrialisation à marche forcée, effectuée sur le dos des travailleurs nationaux. Dès lors, seul le recours à une main-d'oeuvre étrangère permet la modernisation du pays sans risque d'explosions sociales ou de désaveu populaire par le suffrage "universel"*.

¹¹⁶ NOIRIEL, G. (1988): "Enseigner l'histoire de l'immigration". *Hommes et Migrations*. Nº1114, p.25. "*qui joue un grand rôle dans <l'insertion> du problème de l'immigration"*.

¹¹⁷ TABOADA-LEONETTI, I. (1986): "L'immigration espagnole et la langue de Cervantes". *Migrants-Formation*. Nº67, Décembre.

¹¹⁸ STEIN, L. (1981): *Par-delà l'exil et la mort. Les républicains espagnols en France*, citado por NOIRIEL, G. (1988): *Le creuset français. Histoire de L'immigration XIX-*

Co conflito bélico da guerra civil española, refuxiaranse numerosos republicanos (mulleres, nenos, soldados,...) en Francia, sendo o goberno francés o encargado de espallalos por todo o territorio. Coa caída da última fronte republicana en Cataluña chegará a Francia un voluminoso éxodo de medio millón de persoas.

Nos anos seguintes, numerosos opositores ó réxime franquista entran clandestinamente, ben sexa para quedarse no país de fala francófona ben como ponte para dirixirse a Sudamérica. A composición social deste colectivo era moi diversa: universitarios, funcionarios, intelectuais, artistas, militares, técnicos, políticos, burguesía. O réxime autoritario favorecía a deserción e a fuxida de tódolos cerebros.

A emigración medraba de maneira desmesurada e os problemas sociais e económicos empezaban a xurdir producindo un malestar social que, baixo o Réxime de Vichy, favorecerá que este derogue a lei de 1927 e a substitúa pola do 22 de xullo de 1940. As consecuencias desta nova lei serán a desnaturalización dun gran número de persoas, a exclusión da comunidade nacional e a conversión dalgunhas delas en apátridas. No período 1936-1945 a poboación estranxeira en Francia segue diminuindo. A Segunda Guerra Mundial provoca máis dun millón de mortes, elévase de forma alarmante a taxa de mortandade da poboación civil - especialmente infantil-, mortandade á que hai que engadi-la acelerada diminución de nacementos.

Nembargante, despois da Segunda Guerra Mundial, igual que sucedera despois da Primeira, acádase un consenso en canto á necesidade de man de obra estranxeira.

Como consecuencia desta necesidade promúlgase unha Orde Ministerial, con data de 2 de novembro de 1945, pola que se crean as institucións que máis tarde formarán o cadro xeral de política migratoria francesa: a Comisión Interministerial de Saúde Pública e Poboación, que posteriormente pasaría a denominarse Comisión Nacional de Man de Obra.

XX siècles. Seuil, Paris, p. 152. "...où 300.000 personnes fuyant Franco cherchent leur survie dans le passage de la frontière."

A mesma Orde crea tamén "L'Office National D'Immigration (ONI)" encargada de poñer en marcha un ambicioso programa que favorecería a entrada de aproximadamente uns tres millóns de emigrantes en Francia, concedéndoselle á devandita oficina o monopolio de introducir asalariados estranxeiros e ás súas familias (de tódolos xeitos as empresas seguiron aprovisionándose onde o desexaban, evitando a man de obra dos países nórdicos máis caros, esixentes e pouco dispostos a emigrar, e acudindo ós países do sur). Este gran proxecto resulta dobremente importante se temos en conta que é a primeira vez que o Estado se responsabiliza dunha iniciativa de tal envergadura. Así, deberá entre outras cousas fomentar, monopolizar e controla-la entrada de traballadores estranxeiros en Francia. Por aquel entón as relacións entre París e Madrid eran tensas e a ONI non podía atender de maneira oficial máis que ós 720.000 prisioneiros alemáns existentes no territorio francés¹¹⁹.

Os traballos que se emprenden inmediatamente despois do remate da Segunda Guerra Mundial están orientados á reconstrucción do país, respondendo ás preocupacións políticas consideradas como fundamentais naquel momento. Os artigos publicados por Sauvy nesta época atestiguan. A preocupación céntrase en atender dous aspectos:

“...asegurar unha política de recrutamento de man de obra estranxeira e favorece-la asimilación dos que están en Francia desde hai tempo (traducido por nós)¹²⁰”.

Estas aspiracións corresponden ás inxedanzas manifestadas pola segunda xeración, que nestes momentos acada a maioría de idade (os fillos da onda dos anos 20) e que esperan en contrapartida á súa acción na resistencia o recoñecemento a través dunha política de asimilación real. Consideran que os sufrimentos que compartiron cos franceses dálles máis dereitos que ós emigrantes recentes.

¹¹⁹ HERMET, G. (1969): *Los españoles en Francia*. Ouvrières, París, p. 28.

¹²⁰ NOIRIEL, G. (1988): *Le Creuset Français. Histoire de L'immigration XIX-XX siècles*. Seuil, París, p. 39. "... assurer une politique de recrutement de la main d'oeuvre étrangère et favoriser l'assimilation de ceux qui sont en France depuis longtemps”.

A ONI encargárase da introducción de traballadores estranxeiros e da regularización da súa situación. A política social española nestes momentos prohibía a saída oficial do país¹²¹, polo que houbo que fomentar clandestinamente a saída de man de obra e tentar de regularizala situación unha vez no país de acollida. O peche das fronteiras e as trabas postas por España ós cidadáns desexosos de expatriarse impediron que a ONI procedera a un recrutamento oficial e regular. As entradas tiveron que efectuarse a escondidas tanto en España como en Francia.

Entre os anos 1951-1954 G. Hermet sinala que, malia a mellora nas relacións entre España e Francia, o volume da colonia española foi minguando. Nesta diminución intervirán tres factores que a continuación sinalamos: o envellecemento dos refuxiados republicanos e as conseguíntes defuncións; a aceleración dos ritmos de naturalización; e a escasez de novas aportacións, que non permitían compensalas perdas, xa que a chegada de refuxiados políticos cesou practicamente despois de 1950. A poboación española recobraba as características de antes de 1936, instalándose xeograficamente nas provincias.

No ano 1954 a política exterior de España sufría un cambio no senso inverso ó antes sinalado. Así, no momento no que o número de emigrantes clandestinos acadaba as máximas cotas, o goberno español dáse conta das vantaxes económicas que pode obter deste grupo humano xa numeroso en Francia. Isto propicia un novo xiro na súa política que non só favorece senón que autoriza e aproba a instalación de emisoras de recrutamento, primeiro en Barcelona e despois en Irún (Acordo do 17 de marzo de 1956).

Estas canles de recrutamento de man de obra barata reforzaranse gracias a empresas privadas que se encargaban da distribución destes traballadores en Francia e noutros países europeos (Suíza e Alemania, fundamentalmente). Como indica Taboada-Leonetti:

'De 1954 a 1968, os españois censados en Francia pasan de 288.000 a 600.000, algúns anos, como 1963 ou 1965, máis de 100.000 traballadores e as súas familias, chegadas mediante o ONI ou regularizada a súa situación posteriormente, cruzaron a

¹²¹ Ibidem, p. 28

fronteira, o que representa máis de 200.000 persoas (traducido por nós)"¹²².

Situáse nunha liña semellante Bachoud e Dreyfus-Armand cando nos din que a emigración española encamiñada a Francia "...empeza verdadeiramente a partir de 1956 e coñece unha aceleración de 1961 a 1964, con entradas que superan os 60.000 traballadores permanentes en 1963 e en 1964 (traducido por nós)"¹²³.

En 1956 fúndase en España o Instituto Español de Emigración (I.E.E) que *terá como obxectivos controla-las saídas dos traballadores que demandaban a súa axuda e asegura-la asistencia dos españois no estranxeiro.*

A política española dende finais de 1950 ten unha preocupación nova: supervisar, regular e tutela-lo fenómeno migratorio, xa que esta man de obra exportada ó estranxeiro ten que transferi-los seus aforros a España. Para iso é imprescindible que o emigrante non rompa cos lazos que lle unen ó seu país de orixe nin tampouco cos seus proxectos de regreso. Para a economía española a estadía destes traballadores no estranxeiro supón unha axuda importante.

En Francia, no ano 1956 e posteriormente no 1963, rexístrase un incremento da colectividade española en tódalas categorías (temporeiros, temporais e permanentes)¹²⁴. Nas cifras da ONI están incluídos os emigrantes que entraron de forma regular, así como os que regularon despois a súa situación. G. Hermet sinálanos que, se exceptuámo-los últimos meses da Guerra Civil, nunca

¹²² TABOADA-LEONETTI, I. (1986): "L'immigration espagnole et la langue de Cervantes", *Migrants-Formations*. N°67, Décembre., p. 20. "De 1954 à 1968, les Espagnols recensés en France passent de 288.000 à 600.000; certaines années, comme 1963 ou 1965, plus de 100.000 travailleurs et leur famille, venus par l'ONI ou régularisés par la suite, ont traversé la frontière, ce qui représente près de 200.000 personnes".

¹²³ BACHOUD, D. et DREYFUS-ARMAND, G. (1990): "Des espagnols aussi divers que nombreux, Paris 1945-1975", en MARÈS, A. et MILZA, P. (1990): *Le Paris des étrangers depuis 1945*. La Sobone, Paris, pp. 56-76. "comence véritablement à partir de 1956 et connaît une accélération de 1961 à 1964, avec des entrées qui dépassent les 60000 travailleurs permants en 1962 et en 1964".

¹²⁴ MINISTERIO DE TRABAJO Y SEGURIDAD SOCIAL (1993): *Anuario de Migraciones*. Dirección General de Migraciones, Madrid, p. 29-33.

entraron tantos españois en Francia, nin sequera durante a guerra de 1914-1918¹²⁵.

España está en plena fase de cambio na súa estrutura socio-económica e malia á súa crecente industrialización encóntrase cun excedente de man de obra que procede sobre todo da agricultura e que vai atopar unha oferta de traballo nos países industriais, e en concreto en Francia, que é o que máis preto está xeograficamente e, polo tanto, o máis accesible.

A crise de emprego provoca e condiciona un período de estabilización que se produce en España cara a 1959. Aparece unha política de integración da economía española nos circuitos do capitalismo internacional (Plan de estabilización) co que se intenta accelera-lo proceso de concentración e centralización do capital, é dicir, de industrialización. A conxuntura política do país favorece a normalización paulatina das relacións diplomáticas entre España e Francia, que culminan cun Acordo en 1961, en virtude do que se facilita o tránsito dun grande número de españois na década que media entre 1960 e 1970. Créanse estímulos para canalizar cara ó estranxeiro a gran masa de desocupados que abandonan o campo para dirixirse á cidade, "la emigración española a los países europeos respondía así a las necesidades del capitalismo español, el cual incapaz de crear un auténtico desarrollo regional con puestos de trabajo, rentas e inversiones coherentemente distribuídas, realice un triple negocio: elimina el problema del paro, se beneficia de las divisas de entrada y continúa su política de concentración y ganancia fácil"¹²⁶.

Nos anos 60 a OCDE defendía que o traslado de man de obra dos países onde é excesiva cara ós países onde é deficitaria produce globalmente uns efectos benéficos para estes dous grupos de países, xa que favorece por unha banda o crecemento e pleno emprego dos países máis industrializados, dependendo dunha oferta abundante de traballo, e por outra, resolveranse máis facilmente os problemas dos países menos favorecidos se estes reducen a presión exercida sobre a sociedade e a economía debido ó seu excedente de man de obra. Así entendida, a emigración sería unha consecuencia do desenvolvemento desigual do capitalismo.

¹²⁵ HERMET, G. (1969): *Los españoles en Francia*. Ouvrières, París, p. 30.

¹²⁶ SECRETARÍA DA EMIGRACIÓN (1974): *Estudio Económico de la Emigración Española*. Sindical Confederación de Comisiones Obreras, Madrid, p.5.

Este gran fluxo migratorio cara a Europa, e en concreto a Francia, é resultado do período de expansión acelerado da industrialización e da falla de man de obra do propio país, permitíndolle ós países menos desenvolvidos - fundamentalmente ós da cunca Mediterránea-, dar saída ós seus excedentes de man de obra¹²⁷. A emigración é un fenómeno estrutural e non meramente conxuntural como se ten pretendido, sobre todo nos anos de expansión, nos que se afirmaba que este só obedecía á falta de man de obra; sen embargo, hoxe é constatable que a emigración persiste mesmo nos períodos nos que a economía produce estancamento.

A apertura de Francia á emigración fixo que as cifras de ingresos aumentaran de maneira vertixinosa durante os primeiros anos da década dos 60 e 70, polo que os emigrantes españois chegaron a ser moi numerosos nos núcleos industriais do Este e do Norte, ós que antes case non emigraban. O factor económico convértese na motivación principal de atracción da emigración da poboación española a Francia, favorecendo que este colectivo sexa a primeira colonia estranxeira no país veciño. A apertura de España ó turismo francés nos anos 60 vai se-la fonte de recrutamento das empregadas de servizo doméstico, que coñecen ás súas futuras patronas durante as vacacións e logo levan con elas a París¹²⁸. Paralelamente ó aumento da poboación deuse un crecemento rápido da industria automobilística, da construción de infraestruturas, da dotación de equipamentos, etc.; a emigración atopábase en tódolas fronteas. A súa forza de traballo fixo posible o chamado "milagre económico dos 60", que transformou a paisaxe económica de Francia a grandes velocidades.

Se en 1960 Francia era un país industrial, España seguía sendo eminentemente agrícola. En 1975 Francia entra no pelotón das sociedades post-industriais, mentres que España se atopa en pleno proceso de industrialización.

Nembargante, nesta etapa de crecemento o país terá que enfrontarse de súpeto a unha forte recesión que volvería afectar dunha maneira directa a esta poboación de segunda, porque, a falta de obxectivos claros no que respeta á

¹²⁷ COUSO, J.R. (1982): *Informe de Educación de los emigrantes en Europa*. IEE, Madrid, p. 11.

¹²⁸ BLANCO, M. (1982): *Les femmes espagnoles dans l'agglomération parisienne*. Mémoire de Maîtrise, Paris I, p.110.

admisión dos emigrantes acabou dando lugar a tensións cando se formula a regulamentación progresiva e o control dos fluxos migratorios. Así, en xullo de 1974, o goberno francés decide suspende-las entradas dos traballadores estranxeiros permanentes. Aínda que o número de entradas legais diminúe grandemente, o país segue recibindo un grupo importante de traballadores en *situación irregular*. Fronte a esta política de freo á emigración, dende o ámbito do ben estar social, xurde unha política de reagrupamento familiar, que ven paliar problemas de diversa índole.

Coa restauración da democracia nos anos 70 asístese ó retorno de numerosos emigrantes.

Na actualidade, a emigración non pode ser considerada como unha forza de traballo que se reclama ou solicita nun determinado momento e que logo se devolve cando xa non se considera necesaria. O relevo xeracional deste colectivo vai imprimindo carácter no país de acollida, e as súas demandas van dirixidas á adquisición de tódolos dereitos.

Como sinala Limousin:

"En efecto, a emigración non é un estado de eternidade, senón un evento, colectivo ou individual. Non se nace inmigrante, tendo como unico criterio a nacionalidade -efectiva ou de orixe- condenándonos a unha historia étnica por non dicir racista: "en efecto, inmigrante non é un estatus: somos cidadáns ou estranxeiros..., se se converte nun estatus é que o orientamos cara a constitución dun grupo intermedio (os metecos en Atenas), estranxeiros enraizados..., e que o étnico gana á integración (traducido por nós)"¹²⁹.

¹²⁹ LIMOUSIN, A. (1988): "L'immigration en France: une histoire impossible". *Pouvoir*. Nº 47, novembre, p. 7. Citado por *Le Point Sur*:(1991). p. 5. *En effet, l'immigration n'est pas un état de toute éternité, mais un événement, collectif ou individuel. On ne naît pas immigré, et à ne s'en tenir qu'au seul critère de la nationalité -effective ou d'origine- on se condamne à une histoire ethnique, pour ne pas dire racisante: En effet, immigré n'est pas un statut: on est citoyen ou étranger..., s'il devient statut c'est que l'on s'oriente vers la constitution d'un groupe intermédiaire (les Métèques à Athènes), des étrangers enracinés..., et que l'ethnicité l'emporte sur l'intégration".*

O descenso da emigración nos últimos anos é consecuencia das medidas adoptadas polo goberno francés e non pola falla de necesidade de emigrar de certos sectores da poboación española.

2.2.1. MARCO LEGAL E POLÍTICO

2.2.1.1. A POLÍTICA MIGRATORIA FRANCESA

Os emigrantes españois, por seren estranxeiros, vense sometidos en Francia a un réxime xurídico que establece unhas regras particulares en canto á entrada, estancia e traballo no país de acollida. En materia de emigración existían nos anos 60 dous procedementos regulares: o chamado de inmigración consular - o máis antigo e menos empregado (aplicábase a directivos e técnicos superiores chamados polas empresas, non resultando relevante no caso español)- e, o procedemento normal, establecido pola oficina nacional de inmigración.

Segundo Francisco Parra¹³⁰ podemos sistematiza-lo período que abrangue dende 1956 ata 1977 en tres etapas¹³¹:

A primeira, de 1956-65, na que se concentra a emigración clandestina. Unha Orde do 2 de novembro de 1945 regulará, en función da política económica, a actividade laboral da man de obra emigrante na posguerra. Establécense as cartas de estancia e de traballo, así como a necesidade dun contrato previo á entrada no territorio.

A segunda etapa abrangue de 1966 a 1973, e vén marcada por un intento de control dos emigrantes. Unha Circular do 20 de agosto de 1968 establece as condicións de contratación de man de obra estranxeira. A recesión económica que se proclama neste ano produce un descenso das contratacións, un regreso de proporcións reducidas, diminución da *rendibilidade do traballo migratorio* e, sobre todo, un endurecemento da política migratoria. Toman corpo entón as medidas de control da entrada dos efectivos humanos co establecemento

¹³⁰ PARRA, F. (1978): *La emigración española a Francia 1962-1977*. I.E.E, Madrid.

¹³¹ F. Parra fixa o ano de comenzo da súa periodización no ano 1960 aínda que logo, ó falar das diversas etapas, cita o ano 1956 como data de inicio da primeira.

de Convenios Bilaterais, comisións mixtas, loita contra a emigración clandestina e reagrupamento familiar¹³².

Coa lei do 29 de xullo de 1971 preténdese frena-la entrada de traballadores estranxeiros, ante a crise monetaria e o aumento do paro, controlándoa de forma máis eficaz. As etapas polas que discorre a lexislación francesa poden resumirse en catro puntos:

a) A emigración en Francia queda reglamentada polo ONI,

b) Unha vez en Francia, con pasaporte ou contrato de traballo, hai que solicita-la carta de "Sejour"-estancia- na alcaldía ou comisariado de residencia. Posteriormente concédese a carta de traballo,

c) Xuridicamente o traballador estranxeiro é asimilado ó francés polo contrato directo sindical e subsidio de paro, seguridade social, dereitos de vivenda e educación,

d) Lei Fontanet. Circular do Ministerio de Interior do 24 de xaneiro de 1972 (Ministro R, Marcellin). Nova Circular do 23 de febreiro de 1972 (Fontanet Ministro de Traballo). Por último o 5 de setembro de 1972, Circular de Egdard Faure, ministro de Estado encargado de Asuntos Sociais.

As disposicións fundamentais resumidas por Sorel¹³³ son:

1. O contratista, antes de aceptar un emigrante, deberá ter depositado cunha antelación de 3 semanas unha petición de emprego na Axencia Nacional.

2. A regularización da situación do traballador emigrado só poderá facerse se presenta un contrato de traballo dunha duración mínima dun ano, comprometéndose a mante-la mesma profesión durante este período agás en casos excepcionais.

¹³² COUSO, J.R. (1982): *Informe: La educación de los emigrantes en Europa*. I.E.E., Madrid, pp. 251-252.

¹³³ SOREL, A. (1974): *4º Mundo. Emigración española en Europa*. Zero, Bilbao, pp.150-151.

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

3. O emigrante xustificará unha vivenda e o seu pago, avalado polo contratista ou o caseiro.

4. Organízase un servicio administrativo único nas comisarías de policía para atender ó mesmo tempo á petición de residencia e de traballo.

Esta lei afectará a todo o colectivo emigrante, excepto ó procedente de Arxelia, CEE e algúns países de África Negra. Desencadeará unha repulsa por parte dos traballadores, dos sindicatos -que non foron escoitados-, dos políticos, dos intelectuais, dos medios de comunicación, pola obriga de presentarse na Comaría de policía para obter a carta de estancia e de traballo. Por outra banda, o descontento do traballador deriva de que o seu permiso de residencia sexa o mesmo que o da súa carta de traballo, o que deixa na vontade dos patróns a permanencia ou non do emigrado en territorio francés, así como as condicións que este queira impoñerlle, existindo a posible ameaza da non renovación de traballo e consecuentemente a inmediata expulsión de Francia.

A terceira etapa que menciona F. Parra é a denominada "Nova Política" e esténdese de 1974 a 1977. Este período vén marcado por un cambio drástico na política de estranxería francesa, que adopta medidas extremadamente restrictivas co obxecto de frear a emigración estranxeira, suspendendo o recrutamento de man de obra e pechando de maneira firme as súas fronteiras ó fluxo migratorio coa adopción de dous proxectos de lei amplamente restrictivos: a "Lei Bonnet" e a "Lei Stoteru". Ningunha delas foi levada á práctica pero ámbalas dúas influirían de maneira decisiva en certas actitudes de autoridades administrativas proclives a facer efectivos expedientes de expulsión.

* En outubro de 1975, fronte a esta firme postura de rixida regulamentación migratoria, o Consello de Ministros adopta un programa en favor dos emigrantes que porá en vigor unha serie de medidas de tipo social:

- Créase a OFICINA NACIONAL PARA A PROMOCIÓN DOS EMIGRANTES.

- Establécese que o 1% da Masa Salarial sexa destinada á construción de vivendas para emigrantes.

- Permítase de novo a reagrupación familiar suspendida o ano anterior (1-07-75). Esta reagrupación poderíase levar a cabo por dous procedementos: "procedemento de introducción": a familia tería que agardar no país de orixe ata recibir a autorización da ONI para establecerse en Francia; e o "procedemento de regulación de residencia", que afectaba á familia unha vez que esta ingresara no país.

* En 1976 as medidas son máis ríxidas e mediante un Decreto do 15 de xaneiro prevese a expulsión automática dos traballadores estranxeiros que durante seis meses non xustifiquen nin emprego, nin recursos. En abril, por fin, conséguese que a emigración familiar sexa recoñecida.

* En 1977 a política é vacilante. Dúas Circulares, unha do 3 de febreiro e outra do 24 do mesmo mes, instauran un sistema de control a fin de que os traballadores estranxeiros que entraron como temporeiros, non teñan a posibilidade de regula-la súa situación de forma permanente. Unha Circular do 25 de marzo establece unha serie de axudas para os estranxeiros. A emigración familiar suspéndese de novo durante tres anos, provocando miseria afectiva nas familias. A caída os fluxos migratorios a Europa consecuencia das diversas políticas converte esta nun goteo moi debil.

Unha cuarta etapa, por nós establecida, refírese ó período máis recente e comprende dende 1978 ata a actualidade. Este período está marcado por unha continuación da política de migración, cun control cada vez máis rigoroso nas fronteiras para evita-las filtracións de emigrantes clandestinos, o que leva ó goberno francés a adoptar unha serie de medidas¹³⁴. Nembargante, o posicionamento do goberno cos emigrantes residentes no país dende hai máis de 10 anos é a de consideralos non só como traballadores, senón como persoas cunha cultura e identidade propias. Esta política está artellada ó redor de tres ideas¹³⁵:

1. Recoñece-los dereitos dos emigrantes residentes en Francia.

¹³⁴ INSTITUTO ESPAÑOL DE EMIGRACIÓN (1983): *Memoria anual 83*. IEE., Madrid, pp. 23-26.

¹³⁵ COUSO, J.R. (1982): *La educación de los emigrantes en Europa*. I.E.E., Madrid, pp. 260-261.

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

2. Poñer en marcha unha política global que intente coordinar, ata onde sexa posible, as distintas actuacións en materia de emigración.

3. Enfoca-los problemas da emigración de maneira concertada cos países de orixe, o que supón establecer programas de cooperación e desenvolvemento e acordos que eviten a entrada de novos traballadores, loitando contra a emigración clandestina; e fomentar unha nova política de retorno baseada na promoción do ensino da lingua e da cultura.

Cómpre sinalar, por outra banda, que a política de man de obra estranxeira en Francia non acadou os resultados esperados por varias razóns. Couso, apunta as seguintes¹³⁶: primeiro, os cidadáns do país de acollida néganse a desenvolver-los traballos inferiores da escala laboral; segundo, o crecemento vexetativo da poboación estranxeira é superior ó da autóctona; e terceiro, o feito de que calquera reestructuración do mercado de traballo -se é meramente conxuntural- repercute máis claramente sobre a man de obra estranxeira, en certo modo marxinal, sempre máis barata e da que se pode prescindir, chegado o caso, cun custo máis baixo.

En canto ó estatuto do emigrante español en Francia, cómpre menciona-la unificación dos permisos de estadia e traballo no país de residencia, o que supón facilita-las xestións e simplifica-la súa obtención.

O código nacional nos seus artigos 44 e 45 establece que os nados en Francia de pais estranxeiros e que viviran máis de cinco anos consecutivos en Francia, adquirirán a nacionalidade francesa ó chegar á maioría de idade, a menos que renuncien expresamente a ela o ano anterior a cumpri-los 18 anos. "Estes xoves poden ostenta-la dobre nacionalidade, aplicándoselles no seu caso os acordos internacionais que existan"¹³⁷.

O DISCURSO POLÍTICO DOS ANOS 70 e 80

¹³⁶ COUSO, J.R. (1982): *La educación de los emigrantes en Europa*. I.E.E., Madrid, pp. 253-254.

¹³⁷ DIRECCIÓN GENERAL DE MIGRACIONES, (1983): *Memoria anual 83*. IEE., Madrid, p. 28.

En Francia, o período dos anos 60-70 está marcado polo culturalismo, no que a "inserción" testimoniaba unha vontade de respecta-las diferencias. O debate político en torno á emigración acadada niveis de clara tensión entre as diversas forzas políticas a finais dos 70, e prolóngase ata os 80 diferenciándose dous momentos. Dánse no Estado francés dúas posturas definidas e encontradas: a dereita fala de integración mentras que a esquerda defende a inserción.

Estas tensións internas veñen favorecidas tanto por unha como pola outra banda, aínda que ningunha das partes se cuestiona a identidade do pobo francés acadada coa Revolución francesa, "o que converte en completamente invisible e impensable toda <redefinición> do pobo francés a partir das vagas de inmigración contemporánea-, un pobo que se recruta no estranxeiro pronto perde neste comercio, o seu carácter, os seus costumes, as súas propias forzas; perde co tempo o que ten de seu máis precioso: a súa nacionalidade (traducido por nós)"¹³⁸.

Sínálase tamén esta integración e asentamento progresivo no comentario de Dreyfus-Armand "...incluso onde a densidade é bastante forte, constatáse segundo os sociólogos unha "invisibilización" dos españois, polo feito de confundirse entre o conxunto francés polo seu aspecto e a súa latitude (traducido por nós)"¹³⁹.

En 1979, no parlamento francés débátense as condicións de entrada e estancia dos estranxeiros en Francia, o país non necesita seguir recrutando máis traballadores e pecha as súas fronteiras. Por outra banda debe desenvolver unha política social de asentamento para o colectivo xa residente. Dende a dereita o ministro do interior, Christian Bonnet, fala de integración, mentras que o grupo da oposición defende a inserción social dos inmigrantes. Tanto por unha banda como por outra o discurso da asimilación desapareceu. Cabe sinalar que durante os

¹³⁸ NOIRIEL, G. (1989): "Quelques difficultés de la recherche historique sur l'immigration en France". *Colloque franco-américain de Royaumont (12-14 octobre)*. Pp. 10-11. "ce qui rend totalement invisible et impensable toute <redéfinition> du peuple français à partir des vagues d'immigration contemporaine", " Un peuple qui se recrute à l'étranger perd vite dans ce commerce, son caractère, ses moeurs, ses forces propres; il y perd avec le temps ce qu'il a de plus précieux: sa nationalité".

¹³⁹ DREYFUS-ARMAND, G. (1995): "La constitution de la colonie espagnole en France". *Hommes et Migrations*. Nº 1184, février, p. 12. "même là où la densité espagnole est assez forte, l'on constate selon l'expression des sociologues, une "invisibilisation" des Espagnols, du fait de leur facilité à se fondre dans la masse des Français par l'apparence et l'attitude".

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

primeiros anos dos 80 nunca se viu ós estranxeiros como inmigrantes potenciais que ían quedar no país de acollida, pensábase que nunha alta porcentaxe regresaría ó seu país de orixe e que os que non o fixeran estarían submerxidos na poboación autóctona facéndose innecesario falar deles.

A lei do 11 de xaneiro de 1980 modifica con respecto á de 1945 os requisitos de entrada no territorio francés, sinalando no artigo 5 que para entrar en Francia, todo estranxeiro debe posuír un documento ou visado esixido polas convencións internacionais e os regulamentos en vigor e, en segundo lugar, ter garantida a repatriación polo seu país de orixe -mediante convenios- se así o decidise o Consello de Estado ou pretendese realizar outra actividade profesional diferente daquela para a que lle foi concedido o permiso. O acceso ó territorio francés pode ser denegado a calquera estranxeiro que supoña un perigo para a orde pública. Estas condicións non son esixidas en tres supostos:

a) un estranxeiro que vén para xuntarse co seu esposa/o autorizado a residir en territorio francés.

b) os menores de 18 anos que veñen xuntarse coa súas familias autorizadas a residir en territorio francés.

c) as persoas que son avaliadas por unha comisión como gratas polas súas capacidades ou talentos para Francia.

En 1981 o cambio de goberno, permítenos falar dun subperíodo que se estende desde 1981 a 1982, e que vén marcado pola regularización dos clandestinos chegados antes do 1 de xaneiro 1981. Caracterízase por un importante esforzo legislativo encamiñado a estabilizar no terreo xurídico a poboación estranxeira instalada en Francia. Anúnciase a suspensión provisoria das expulsións, o dereito a unha carta de traballo e de estancia, así como o recoñecemento dos dereitos do cónxuxe e dos fillos; fábase do estranxeiro como dun suxeito de dereito e non como dun axente de produción económica. Promóvese dende o Ministerio de Solidariedade Nacional unha política social baseada na igualdade dos dereitos e no respecto á identidade. O 28 de abril de 1982 o Consello de Ministros enuncia dous principios que pasan a se-los seus: "recoñecerlle ós inmigrantes establecidos en Francia o seu lugar na vida social, económica e cultura e poñerlle un termo á inmigración e ó traballo clandestino". Por primeira vez o goberno explicita o seu sentido de inserción como: "a inserción social e

cultural dos catro millóns de estranxeiros instalados en Francia é unha acción a longo prazo. Comeza coa alfabetización, a educación, a formación, a vivenda, os servizos sociais, a cultura, a información (traducido por nós)¹⁴⁰.

Cos resultados das eleccións municipais de marzo de 1983 conséntase que a credibilidade do goberno é posta en cuestión con respecto ós estranxeiros en situación irregular. Para paliar esta desconfianza, en agosto dáse de novo un volco nas prioridades con respecto a 1982 para reforza-la loita contra a inmigración ilegal e facilita-la inserción da poboación inmigrada na vida social, económica e cultural do país. A inserción das comunidades xa instaladas descansa sobre o control dos fluxos migratorios. Non se trata, polo tanto, de insertar emigrantes senón de insertar en Francia ós estranxeiros en situación regular ó tempo que se loita contra a emigración clandestina.

En 1984 o Ministerio de Educación Nacional rompe o consenso insercionista, en favor da integración escolar dos fillos dos emigrantes. O obxectivo desta política de integración conta con dous eixes: "a inserción escolar dos nenos co fin de que estaen preparados para a vida económica e as súas transformacións-" (polo que é necesario unha aprendizaxe rápida da lingua que lles permita coñece-los mecanismos económicos e políticos do país)...-darlles a eses nenos se o desexan a posibilidade de manter un contacto coa súa lingua e a súa cultura maternal (traducido por nós)¹⁴¹.

O discurso político, varía a finais dos anos 80 cando a extrema dereita¹⁴² se posiciona sobre a cuestión da emigración. Por primeira vez hai un achegamento entre o partido socialista (que abandona definitivamente o termo de inserción polo de integración) e a dereita francesa.

¹⁴⁰ GASPARD, F. (1992): "Asimilation, insertion, intégration: les mots pour devenir Français". *Hommes et Migrations*. Maio, N°1154, p.15. "reconnaître aux immigrés établis en France leur place dans la vie sociale économique et culturelle" et "mettre un terme à l'immigration et au travail clandestin"... "l'insertion sociale et culturelle des quatre millions d'étrangers installés en France est une action de longue haleine. Elle commence par l'alphabétisation, l'éducation, la formation, le logement, les services sociaux, la culture, l'information".

¹⁴¹ Cfr. GASPARD, F. (1992), p.18. "l'insertion scolaire des enfants afin qu'ils soient préparés à la vie économique et à ses transformations...". "donner à ces enfants s'ils le désirent la possibilité de maintenir un contact avec leur langue et leur culture maternelle".

¹⁴² O grupo político que representa a extrema dereita en Francia é o Front National (FN), liderado por Jean Marie Le Pen.

Os resultados das eleccións de 1987 serán favorables á dereita, que retoma un discurso abandonado da asimilación. O medo de que unha Francia pluricultural se converta nunha Francia plurinacional na que rexurdan os enfrontamentos relixiosos, levan ó goberno a fixar obxectivos secuencializados, nun primeiro momento para acadar a integración da poboación inmigrada e nun segundo, a súa asimilación.

A política migratoria francesa caracterízase pola restricción de entradas e axudas, incitando ás saídas mediante a facilitación do retorno dos estranxeiros cara ós seus países de orixe. O colectivo emigrante residente en Francia e a segunda xeración favorecen que as entradas e as saídas sexan practicamente nulas, o ritmo de naturalizacións progresa ó ritmo de 50.000 por ano. Esta cifra é considerable polo peso político que representaría nas eleccións presidenciais do ano seguinte; según a Agregaduría Laboral da Embaixada Española en Francia, trescentos mil franceses de orixen estranxeiro emitirían o seu voto por primeira vez en 1988. Isto favorece que xa desde principios do ano 1987 xurda a idea da reforma do código de nacionalidade, no que se afirmaba que toda persoa nada en Francia é considerada francesa cando acadar a maioría de idade, salvo renuncia expresa do interesado á idade de 17 anos.

O anteproxecto de reforma causa un malestar xeral entre organizacións e asociacións de estranxeiros, grupos antiracistas e mesmo entre os grupos políticos. Ante tal situación o goberno retira o anteproxecto e constitúe "unha comisión de nacionalidade" formada por expertos, técnicos, xuristas e representantes das comunidades inmigradas¹⁴³.

Co regreso da esquerda en 1988, o concepto oficial para referirse á emigración sedentarizada será definitivamente o de integración, unha integración que cada vez se semella máis á asimilación. A realidade máis actual comenza sen dúbida "en el otoño de 1989 con la adopción de las leyes más protectoras de los emigrantes en situación irregular y la creación de una Secretaría General para la integración"¹⁴⁴.

¹⁴³ AGREGADURÍA LABORAL A LA EMBAJADA DE ESPAÑA EN PARÍS (1987): *Memoria Anual*. I.E.E., Madrid Vol 1, pp. 3-4.

¹⁴⁴ COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS. (1990): *Estudio comparativo de las medidas jurídicas con respecto a los nacionales de terceros países*.

A política migratoria xira en torno á *integración dos estranxeiros con residencia legal en Francia e ó peche total a novas admisións*. Como sinal de prioridade o goberno crea no mes de decembro de 1989 o comité interministerial para a integración, órgano de carácter decisivo en política migratoria, e o "Alto Consello para a Integración" con carácter consultivo. Tanto un como o outro realizarán funcións de seguemento e información.

Da exposición realizada dedúcese que o país galo nunca chegou a considerarse como un país de inmigración, cando en realidade sempre o foi. Nunca tivo políticas de emigración positivas, a parte do control de entradas tanto legais como ilegais.

En maio de 1991 o ministro de Asuntos Sociais precisa que a integración non só concerne ós emigrantes senón tamén a "tódolos que son excluídos ou ameazados de exclusión".

Coa ratificación do Tratado de Maastricht por Francia en 1992, dásele un impulso importante á situación do emigrante establecido no país de acollida porque, independentemente do grao de asimilación, un inmigrante que non vota non é un cidadán con tódolos dereitos, e en Francia para exercitar esa cidadanía había que ser francés ata ese momento. Na actualidade, baixo certas condicións de estancia, os cidadáns membros da U.E. poden participar nas eleccións europeas e municipais. Dedúcese do anterior que o país galo conta con dúas categorías de cidadáns estranxeiros: os que proceden da Unión Europea e os dos *demaís países*. En canto ós cidadáns, cabe diferenciar tres esferas: o cidadán francés, o cidadán da Francia local e da U.E., e os non cidadáns.

O control dos fluxos migratorios organizouse así a nivel europeo mentras que e as políticas de integración se relegaron ó plano local. Deste xeito, establecendo unha distinción entre residentes europeos e residentes non europeos, o Tratado de Maastrich orixina unha distorsión na acepción da cidadanía que só pode crear dificultades na posta en marcha específica dunha política de integración coherente.

No noso caso resulta significativo que nove de cada dez franceses de orixe español estean inscritos nos censos electorais e fangan uso dos seus dereitos, se temos en conta que aproximadamente o 40% dos homes e o 53% das mulleres chegados despois de 1960 se nacionalizaron franceses¹⁴⁵.

A integración social é cada vez máis difícil porque xa non pasa pola inclusión nunha clase claramente identificada. A adopción da palabra integración, como podemos comprobar, non é fortuita. Corresponde a unha tendencia pasada da sociedade francesa cara ós estranxeiros e neofranceses que son agora maioritariamente orixinarios do mundo extraeuropeo e sobre todo do antigo imperio francés. Neste sentido GASPARD sinala que a postura do goberno francés en favor da integración centráse en "Preserva-las identidades culturais, permiti-lo exercicio da súa opción relixiosa, asegura-la expresión das diferencias constitúen dereitos da persoa humana que deben ser garantidos nos nosos países pero que deben exercerse dentro do marco dos valores fundadores que son a herencia da nosa historia e o cimento da nosa sociedade (traducido por nós)"¹⁴⁶.

2.2.1.2. A POLÍTICA MIGRATORIA ESPAÑOLA

Rematada a Guerra Civil española e a Segunda Guerra Mundial -na que o Estado español se mantivo neutral, actitude que nalgúns países se entendeu como unha certa aceptación dos rexímenes fascistas-, España estaba illada de Europa. A situación económica non era boa, e diariamente os españois cruzaban a fronteira francófona, a pesar do seu peche, en busca de traballo. Como se pode inferir dunha lectura detida da lexislación sobre a materia, esta situación favorecía que a política española en canto a emigración fose moi cambiante.

O goberno español veu na emigración unha alternativa momentánea ós seus problemas, polo que decide tomar parte reglamentándoa e responsabilizándose de numerosos servizos que permitisen mante-la emigración

¹⁴⁵ TRIBALAT, M. (1995): *Faire France. Une enquête sur les immigrés et leurs enfants*. La Découverte/Essais, Paris, pp.187-211.

¹⁴⁶ GASPARD, F. (1992): "Assimilation, insertion, intégration: les mots pour "devenir français"". *Hommes et Migrations*. Nº1154, p.19, "Préserver les identités culturelles, permettre l'exercice du culte de son choix, assurer l'expression des différences constituent des droits de la personne humaine qui doivent être garantis dans nos pays mais ils doivent s'exercer dans le cadre des valeurs fondatrices qui sont l'héritage de notre histoire et le ciment de notre société".

e ós emigrantes baixo o seu control. Para achegarnos a esta realidade distinguimos tres etapas: de 1956 a 1970, caracterizada por unha asistencia económica, de 1971 a 1990, caracterizada polo benestar social, e de 1991 en diante, identificada cos procesos de integración intercultural e co regreso do colectivo de emigrantes.

PRIMEIRA ETAPA: ASISTENCIA ECONÓMICA (1956-1970)

Coa lei do 17 de xullo de 1956¹⁴⁷ créase o "Instituto Español de Emigración" (actual "Dirección Xeral de Migracións"), que xogará un papel relevante en canto á axuda dispensada ós emigrantes, tramitándolles permisos de saída en función dos acordos firmados con países europeos e no marco laboral (contratos de traballo). Este grupo coñecerase co nome de emigrantes asistidos por posuír un contrato de traballo facilitado polo I.E.E. Un ano despois, en xuño de 1957, fírmase os acordos de seguridade social que novamente favorecerán a elección deste país como destino.

Coas leis de 1960-1962 considérase a emigración en termos de emprego, como un medio inevitable e necesario para corrixi-los desaxustes do mercado de traballo mediante a colocación de man de obra fóra do país, pero era necesario que esta se comportara como un axente económico para o país de orixe. A O.C.D.E.¹⁴⁸ en 1961 indica que "el envío de las ganancias económicas hacia el país de origen deben quedar aseguradas". Os países emisores de man de obra necesitan desta contrapartida, aínda que a importancia dos envíos xeralmente non estaba relacionada co nivel dos ingresos ou da cualificación. As transferencias económicas que o emigrante español efectuou foron un importante elemento de empuxe para a economía e a industria.

O 29 de agosto de 1964 concédenselle dereitos ás familias dos traballadores temporeiros que posúan un contrato en vigor durante tres meses, mesmo cando a súa familia resida no exterior; todos estes elementos favorecen

¹⁴⁷ Lei do 18 de xullo 1956. Jefatura del Estado. Instituto Español de Emigración. Creación. Esta lei ten a súa base na lei do 20 de decembro de 1924.

¹⁴⁸ Citado por, SECRETARÍA DE EMIGRACIÓN (1974): *Estudio económico de la emigración española*. Sindical Confederación de Comisiones Obreras, Madrid, p.20.

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

que o número de españois inmigrados en Francia medrara dun xeito tan considerable a finais de 1960¹⁴⁹.

En 1969, Francia ocupa o primeiro lugar de entrada das remesas económicas dos emigrantes. Destaca-lo feito de que aínda que historicamente a emigración española a América Latina dobrou en número á europea no ano sinalado acada unha cuantía superior ó volume de emigrantes a este último continente. Esta disonancia probablemente teña a súa explicación por unha banda na diferente capacidade de aforro segundo os países e, por outra, no grao de integración no país de acollida que merma o interés por España e, por conseguinte, polos envíos á mesma¹⁵⁰. Un sector que se verá directamente favorecido por este colectivo será o da construción, pois increméntase o volume de demanda por parte do colectivo emigrante.

O I.E.E. desempeñará un rol importante intensificando a necesidade de non perde-lo arraigo co país de orixe, porque a continuidade dun compromiso económico por parte do emigrante vai ligado á vivacidade dos lazos que o manteñen unido coa idea do regreso. Estas leis, marcadas por unha visión economicista, deixaban de lado os aspectos educativos, culturais e sociais.

A situación social do país xunto coa imaxe desvalorizada que existía de España no exterior obriga ó Estado a facer esforzos de revalorización por "orgullo", pero tamén para incitar ós turistas a desprazarse, conseguindo unha nova fonte de ingresos. En base a estes dous intereses realizase a promoción á seguinte etapa e a consolidación dos avances legais.

SEGUNDA ETAPA: BENESTAR SOCIAL (1971-1990)

A lei, 33/71 do 21 de xullo de 1971¹⁵¹ tomará en conta os aspectos anteriormente mencionados e propiciará unha acción de carácter asistencial. O I.E.E. dirixe as súas actuacións para protexer ós seus cidadáns fóra de España,

¹⁴⁹ SANCHEZ LÓPEZ, F. (1969): *Emigración española a Europa*. Confederación Española de Cajas de Ahorro, Madrid, p.100.

¹⁵⁰ Cfr. SECRETARÍA DE EMIGRACIÓN (1974), pp.22-24.

¹⁵¹ Lei 33/71 do 21 de xullo 1971; BOE: 23 de xullo 1971.

pero tamén para "...evitar todo problema que poidera degrada-la reputación de España. Traballadores no estranxeiro, si, asistidos por outro Estado ou bandalos, non. Pobres, pero dignos... O Estado español considérase responsable da súa emigración e comportabase como tal. Os emigrantes, vímolos, tomaron estes principios o pé da letra (traducido por nós)"¹⁵². Así, precisa e amplía o labor protector do Estado sobre os emigrantes en materia de dereitos civís e políticos, formación educativa, profesional e asistencia social.

Nesta lei xa se aprecian as propostas de creación de centros e asociacións que favorezan a convivencia dos españois no exterior. Nembargante, sabido é que o espírito das leis é unha cousa e as súas posibilidades de aplicación e concreción outra moi distinta.

A política migratoria española vai sufrir un xiro cualitativo coa decisión democrática do pobo español do 15 de xuño de 1977. Estes cambios vanse ver reflectidos en distintos ámbitos. A modo de exemplo expoñémo-los seguintes:

1. Incidencia na defensa dos dereitos políticos dos emigrantes e no dereito ó sufraxio. Así no ano 1977 promúlgase o Decreto 3341/77, que crea o Censo especial de emigración por intervención directa do I.E.E. e que posibilitará o dereito ó voto da poboación española no exterior.

Cómpre destaca-lo labor intenso que levou a cabo o organismo anteriormente mencionado a través de campañas de inscrición para que esta iniciativa se consolidase e rematase sendo algo real co reconto dos traballadores emigrantes nos censos a estes efectos. A pesar das grandes deficiencias atopadas nos primeiros momentos, hoxe o censo conta cunha alta representación cuantitativa dos emigrantes en Francia, aínda que os Consulados entenden que o proceso non rematou 19 anos despois, pola súa necesidade de actualización permanente debido a regresos a España, naturalizacións e nacementos.

¹⁵² TABOADA LEONETTI, I. (1987): *Les immigrés des beaux quartiers. La communauté espagnole dans le XVIe*. CIEMI L'Harmattan, Paris, p.179, "...éviter tout problème qui aurait pu nuire à la réputation de l'Espagne. Travailleurs à l'étranger, oui; assistés d'un autre État ou fauteurs de troubles, non. Pauvres, mais dignes... L'État espagnol s'estimait responsable de son émigration et agissait comme tel. Les émigrés nous l'avons vu, ont pris ces principes au pied de la lettre".

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

2. Democratización interna e externa do I.E.E. mediante a elección por sufraxio dos representantes dos emigrantes, para que canalicen e expoñan as súas demandas e suxerencias ó goberno español.

Merecen ser salientadas dentro deste ámbito concreto unha serie de accións como:

a) Renovación do Consello do Instituto Español de Emigración, regulado nos artigos 42 e 43 da lei 33/1971 do 21 de xullo sobre emigración, que se concreta no Decreto 576/1979, do 20 de febreiro. Deste xeito, en xaneiro de 1980, constitúese o consello do I.E.E. de acordo coas disposicións do citado Decreto.

b) Publicación dunha nova normativa de funcionamento e xestión das institucións financiadas e tuteladas polo I.E.E. no exterior (Casa de España,...).

c) Reestructuración do Antigo Consello Escolar pola Orde Ministerial do 14-06-77, converténdose na Xunta de Promoción Educativa dos emigrantes españois.

- Democratización real dos programas de asistencia á emigración no exterior, as chamadas axudas colectivas. Para levar a cabo este obxectivo créanse as Xuntas Consulares de Emigración, formadas por representantes de asociacións españolas e Centros españois ubicados en ditas demarcacións. A finalidade destas xuntas é a de reparti-las subvencións que se dan a cargo do Plano asistencial.

3. Mellora da política internacional e concientización dos dereitos sociais e económicos dos emigrantes por parte dos países receptores.

4. Promulgación dunha política educativa baseada nas necesidades e nos problemas dos emigrantes e dos seus fillos.

5. Unha política de retorno que tería en conta as necesidades específicas dos emigrantes que regresan.

A Lei 33/71 do 21 de xullo segue hoxe vixente xunto con outras disposicións posteriores, así como coa Constitución de 1978, que contempla o dereito á libre circulación e á protección do emigrante polo Estado.

En 1979 procédese a unha reestructuración orgánica e funcional do Instituto Español de Emigración co fin de potencia-los obxectivos da nova política migratoria do estado democrático. A continuación sinalamos algúns obxectivos desta etapa.

a) Dáselle ó Instituto Español de Emigración, baixo a tutela do Ministerio de Traballo, o carácter de organismo autónomo dotado de *personalidade xurídica*, co fin de unifica-la maior parte das funcións e das competencias do Estado en materia migratoria nunha soa institución, permitindo unha acción áxil e efectiva en defensa dos dereitos e intereses dos emigrantes.

b) Continúase coa democratización e participación xa impulsada nos anos anteriores, dándolle cabida a cinco conselleiros electivos sindicais nomeados polo I.E.E. dentro dos grupos sindicais de maior representatividade.

c) Favorécese unha política de diálogo entre o I.E.E. e os países que contan cun grande número de emigrantes españois.

d) Créase a Subdirección Xeral de Participación en Acción Cultural coa finalidade de fomenta-la participación das asociacións.

e) Elabóranse programas educativos e culturais en favor dos emigrantes e dos seus fillos.

Tamén en 1979, o I.E.E. toma a decisión de poñer en marcha "unha comisión mixta de organizacións nacionais, de asociacións de pais de familia emigrantes en Europa e o I.E.E.", que ten como finalidade estudia-los problemas educativos da emigración española non só en Francia senón en tódolos países europeos.

O ano 1987 foi un ano visagra no que se refire ás canles de participación dos españois porque as *Xuntas Consulares non estiveron en vigor* e os Consellos de Residentes non puideron ser eleixidos, sen embargo, o Consello Asesor tivo dúas reunións nas que se tratou a atención socio-laboral dos españois nestes países e a ampliación da norma reguladora dos programas de axudas ós mesmos. O número total de asociacións en 1987 era de 283.

CADRO II-1: DISTRIBUCIÓN DAS ASOCIACIÓN S ESPAÑOLAS POR REXIÓNS FRANCESAS.

REXIÓN FRANCESA	ANO 1987
Alsace	11
Auvergne	4
Bourgogne	9
Bretagne	2
Centre	12
Corse	1
Franche-Comté	4
Champagne-Ardenne	5
Ile de France	115
Lorraine	24
Nord Pas de Calais	13
Picardi	3
Provence	10
Alp.Côte-D'Azur	60
Rhône-Alpes	0
TOTAL	283

FONTE: Elaboración propia a partir da *Memoria Anual 1987*, do I.E.E., Madrid.

A lexislación foi cuantiosa, e en toda ela o Estado resérvase a competencia en materia migratoria e proclama súa a misión de tutelar ós emigrantes, polo feito de selo, converténdoo en destinatarios directos dos seus contidos así como da súa asistencia social.

Polo Tratado de Adhesión á Comunidade Económica Europea, España comprométese a fixa-la aplicación do principio de Libre Circulación dos traballadores ratificado por este.

TERCEIRA ETAPA: INTEGRACIÓN INTERCULTURAL E RETORNO (1991 ata a actualidade).

O tema migratorio séguese regulando na actualidade pola lei 33/71 do 21 de xullo¹⁵³. As especiais características do movemento migratorio levan a imprimirlle máxima flexibilidade ó sistema de disposicións e medidas que en relación ó tema deben establecerse para que, en calquera caso e circunstancia, sexa doado poñer en práctica as accións estimadas necesarias en favor dos emigrantes.

A lexislación sobre emigración non poderá en ningún caso ser contraria ás normas e cláusulas dos Convenios Internacionais do Traballo nin ós Tratados e Acordos bilaterais e multilaterais.

A lei pretende proveer ós emigrantes de todo o necesario para que non desaparezan os vínculos xurídicos, familiares e culturais que os ligan ó país de orixe, e, para eso, é imprescindible tomar medidas que impidan a ruptura da unidade familiar, favorecendo a reagrupación e garantindo os dereitos fundamentais civís e políticos a través de *servicios sociais que aseguren a igualdade de oportunidades en educación e o acceso a ela en tódolos seus niveis.*

Como sinalamos no apartado anterior, o sistema de representación da emigración réxese polos Consellos de Residentes Españois no estranxeiro¹⁵⁴. O seu ámbito de actuación abrangue a inserción dos alumnos españois no sistema educativo do país de residencia así como o mantemento dos vínculos culturais con España e, en xeral, as actividades educativas de España no exterior alí onde non exista Consello escolar¹⁵⁵. Outro ámbito salientable é o da acción social e cultural en favor dos españois, que se concreta en actividades que axudan a mante-la vinculación coa realidade española, así como a relacionarse coas comunidades asentadas no país de acollida. Estas actividades estarán dirixidas a tódolos estratos da poboación (nenos, mozos, adultos e terceira idade).

O Consello de Residentes Españois será o encargado de tramitar nas oficinas consulares as diferentes solicitudes da colectividade española, así como de difundirlas medidas adaptadas polas autoridades españolas e que poden afectar ós españois residentes no estranxeiro.

¹⁵³ Lei 33/71 do 21 de xullo 1971; BOE: 23 de xullo 1971.

¹⁵⁴ Real Decreto 1339/1987 do 30 de outubro de 1987; BOE: 2 novembro 1987.

¹⁵⁵ Orde do 23 febreiro 1988; BOE: 2 marzo 1988.

Dentro do Título III da lei 33/71 atopámonos cun capítulo adicado á asistencia educativa e á formación profesional. Nel afírmase que o Estado proporcionará segundo o establecido na Lei Xeral de Educación. Para que sexa posible, e co acordo do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Tráballo, creará os centros docentes estatais necesarios e os cursos e modalidades de ensino adaptados ás circunstancias especiais que xera a emigración, e establecerá un sistema de bolsas que faga posible recibir ditas ensinanzas dentro ou fóra de España. Tamén se ocupará da convalidación de estudos cursados polos emigrantes en centros estranxeiros. Atenderá á preparación ambiental e á capacitación profesional dos emigrantes mediante a coordinación cos organismos competentes. O I.E.E. poderá manter centros propios especializados e contar coa cooperación de empresas ou organismos ben sexan nacionais ou internacionais.

No que atinxe á temática social -igual que á asistencia no exterior-, a lei sinala que se crearán servizos que teñan por obxecto a recepción, acollida ou aloxamento temporal en centros axeitados. Favorecerase ó emigrante e á súa familia cunha ensinanza progresiva e programada no idioma do país de acollida, promoveranse actividades culturais, recreativas, de lecer e tempo libre, etc.

Un tema que non podemos esquecer é o da reagrupación familiar e a asistencia á familia. O Estado é o encargado de velar polo mantemento da unidade familiar dos emigrantes. Durante as últimas décadas deste período (1960-1990) asináronse e ratificáronse Acordos e Convenios de emigrantes nos que se estableceron cláusulas referentes á reagrupación familiar partindo da dependencia de protección e axuda que os familiares teñen con respecto ó emigrado.

En virtude do artigo 42 da Constitución española, o Estado ten a obriga de velar polo respecto dos dereitos económicos e sociais dos españois que viven no estranxeiro, aportándolles unha axuda económica a aqueles que desexen regresar ó seu país.

O goberno español ofrece información, contribucións económicas para os gastos de repatriamento, indemnizacións para os nenos escolarizados en España, subvencións para potencia-la participación da mocidade en actividades artísticas e culturais, viaxes culturais para os fillos dos emigrantes, axudas económicas para as asociacións españolas con carácter social, cultural ou educativo, así como

subvencións a hospitais, residencias de terceira idade, centros de lecer e tempo libre e bibliotecas dos centros culturais españois¹⁵⁶.

Cómpre dicir por último que actualmente asistimos a un esquecemento por parte das instancias españolas con respecto á emigración. As razóns xa citadas ó longo dos puntos expostos (establecemento da emigración no país de acollida, tamén o paro e a crise económica na península, son condicionantes para o regreso dos emigrantes) pero tamén existen outras razóns, como a entrada na Europa do mercado común. As institucións culturais españolas no estranxeiro serán a partir de agora espacios de prestixio abertos a outros europeos, máis que ós nacionais asentados no exterior.

2.2.2. A EMIGRACIÓN ESPAÑOLA A FRANCIA EN CIFRAS

Os datos que aquí ofrecemos proveñen das publicacións do Instituto Nacional de Estatística e dos estudos económicos elaborados a partir do Censo de 1990 en Francia. Cando cotexámo-los datos do INSEE¹⁵⁷ e os datos da Dirección Xeral de Migracións, comprobamos que non sempre son coincidentes e que algunhas veces son contradictorios¹⁵⁸.

Hai que sinalar que entre as dúas fontes oficiais de cifras de poboación estranxeira -Ministerio de Interior e o INSEE- constátase unha diverxencia do 20%. O Ministerio do Interior elabora os seus datos baseándose nos permisos de

¹⁵⁶ CONSEIL DE L'EUROPE (1994): *Rapport sur les Européens vivant à l'étranger*. Doc.7078, Conseil de l'Europe, Strasbourg, p. 19.

¹⁵⁷ INSEE, (Institut National de Statistique et des Études Économiques).

¹⁵⁸ É igualmente curioso que os consulados rexistren nos anos 80 novas entradas de emigrantes españois en Francia, momento no que o proceso de reagrupación familiar finalizara e a emigración estaba completamente neutralizada. As autoridades francesas sinalan a inexistencia de nova emigración do país de orixe mentres que nos consulados a realidade é inversa. Este estudo aínda non se levou a cabo, pero sería de grande interese coñecer e descubri-la existencia ou inexistencia da emigración española clandestina durante o período dos 70 ós 80.

Outro aspecto que temos en conta é que os españois retornados a España non sempre se dan de alta cando regresan polo que seguen aparecendo nas estatísticas. Ademais, as cartas de residencia teñen unha periodicidade de 10 anos o que permite ó emigrante, nalgúns casos, volver a España coa posibilidade de regresar a Francia se os seus proxectos non van ben.

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

residencia expedidos en favor de estranxeiros. Polo súa banda, o INSEE, sérvese ben do censo, ben da enquisa sobre emprego en empresas con plantillas superiores a 10 traballadores. Dado o carácter voluntario do censo, calcúlase nun 10% as persoas que non se apuntan, incrementándose moito esta taxa no caso de estranxeiros debido a factores culturais, sociais, xurídicos, etc...

Tal vez fose recomendable e oportuno pensar nun posible baremo corrector que viría dado pola media dos datos do Censo Xeral da Poboación e os do Ministerio de Interior. Esta disparidade das cifras é ás veces consecuencia de dous factores: a) os permisos do Ministerio do Interior teñen unha validez de un, tres ou dez anos. Moitos dos estranxeiros que abandonan o país non se contabilizan como baixas ata que vencen as datas. Por outra banda os menores de 16 anos non están obrigados a ter tal permiso de residencia, e de feito non o teñen, b) as comisións de inclusión no censo son moito máis importantes entre os emigrantes que entre a poboación autóctona, constatándose grandes diferencias dunhas nacionalidades a outras¹⁵⁹, c) a dobre nacionalidade non aparece sempre reflectida nos dous lugares.

No período máis áxido dos anos 60 as diferencias son importantes, así se recolle na táboa que a continuación presentamos¹⁶⁰. Atendendo ós datos, podemos sinalar que no subperíodo da emigración española a Francia que nos ocupa, o número creceu sen interrupción, exceptuando o ano 1963 que obtivo un saldo negativo en relación ó anterior, dato que non se observa na información do O.N.I.

CADRO II-2: EMIGRACIÓN ESPAÑOLA A FRANCIA, SEGÚN FONTES FRANCESAS E ESPAÑOLAS.

ANOS	MINISTERIO ESPAÑOL DE TRABAJO. ESTADÍSTICAS MIGRACIÓN EXTERIOR	O.N.I.
1960	31.031	90.500
1961	77.919	106.000

¹⁵⁹ PUYOL ANTOLIN, L. (1988): *Situación de la Población*. BBV., Vitoria, p. 119.

¹⁶⁰ SÁNCHEZ LÓPEZ, F. (1969): *Emigración española a Europa*. Confederación española de Cajas de Ahorros, Madrid, p. 101.

1962	99.027	139.800
1963	98.048	144.900
1964	124.328	173.200
1965	117.158	168.800
1966	107.648	148.350
1967	94.553	127.293

FONTE: SÁNCHEZ LÓPEZ (1969): *Emigración española a Europa*, p. 101.

De forma xeral, é constatable o crecemento da poboación estranxeira en Francia na década dos 60. O descenso da natalidade e a necesidade de man de obra non especializada fai que Francia se convirta nun país de acollida para a emigración española. Este forte impulso da emigración modificou profundamente os trazos da colonia española en París. Como nota de interese, matizar que neste fenómeno vai adoptar un papel relevante a muller, feito pouco habitual nas emigracións de carácter económico. En 1962 as mulleres representan máis da metade da colonia española en París, esta tendencia acentúase ata 1968, cando pasan a ser máis de 35.000 representando a poboación española un total de 65.000 persoas¹⁶¹.

CADRO II-3: EMIGRANTES ESPAÑOIS E DOS PAÍSES DA CEE RESIDENTES EN FRANCIA, PERÍODO 1960-1990.

	FRANCESES	ESPAÑOIS	PAÍSES CEE
1962	44.289.000	441.658	1.124.547
1968	47.034.000	607.184	1.268.464
1975	49.157.000	497.480	1.556.755
1982	50.581.000	327.156	1.441.020
1990	53.055.000	216.047	1.243.066

¹⁶¹ BACHOUD, A. et DREYFUS-ARMAND, G. (1990): "Des espagnols aussi divers que nombreux, Paris 1945-1975". *Le Paris des étrangers depuis 1945*. La Sorbonne, Paris, p.60.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Institut National de la Statistique et des Études Économiques, (INSEE,1990).

CADRO II-4: PORCENTAXES DE EMIGRANTES ESPAÑOIS E DOS PAÍSES DA CEE RESIDENTES EN FRANCIA RESPECTO A POBOACIÓN FRANCESA, E PORCENTAXES DE EMIGRANTES ESPAÑOIS CON RESPECTO Ó RESTO DOS EMIGRANTES DOS PAÍSES DA CEE.

	ESPAÑ./FRANC.	P.CEE/FRANC.	ESPAÑ./C EE
1962	0,997%	2,539%	39,274%
1968	1,290%	2,696%	47,867%
1975	1,012%	3,166%	31,958%
1982	0,646%	2,848%	22,703%
1990	0,407%	2,342%	17,380%

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Institut National de la Statistique et des Études Économiques, (INSEE,1990).

No período que se estende de 1962 a 1968 a poboación española emigrante case se duplica. As cifras indican a presenza duns 90.000 españois, residindo aproximadamente a metade na capital gala. A colonia española da rexión parisina non deixa de medrar, acadando en 1968 a cifra de 130.000 persoas. O ano 1968 é o que marca a cúspide deste incremento. Durante estes anos o colectivo feminino incrementáse considerablemente na realidade gala, debido a que o servizo doméstico constitúe cerca da metade da oferta de traballo sendo cuberta por mulleres "en París en 1968, as empregadas de fogar e as asistentas son nun tercio españolas e a cidade atrae a casi totalidade de españolas que veñen a Francia para traballar no servizo doméstico (traducido por nós)".¹⁶² Mentras que no caso dos homes os sectores prioritarios de actividade serán o industrial de transformación, a construción e en moita menor medida o sector comercial e empresarial. Os emigrantes destes grupos adoitan ser

¹⁶² MIGRANTS FORMATION (1979): *Les femmes immigrées et la formation*. Ministère de L'Éducation Centre National de documentation Pédagogique, Paris, N° 32-33, pp.21-22. "...à Paris en 1968, les employées de maison et les femmes de ménage sont pour les trois quart espagnoles et la ville attire la quasi-totalité des espagnoles venues en France pour travailler dans le service domestique".

orixinarios de Levante, Madrid, Barcelona e Galicia¹⁶³, sobrepasando en 1968 o medio millón de emigrantes españois, o que sitúa a España no primeiro lugar de poboación estranxeira en Francia para sufrir un descenso progresivo a partir de 1975. Este descenso é froito do peche das fronteiras á emigración, dos regresos ó país de orixe, así como da reorientación dos destinos cara a Alemania e Suiza, países cunha moeda máis forte, aínda que o reagrupamento familiar favorece que as cifras sigan sendo elevadas. Desagregando por anos, pódese constatar que o descenso comenza no ano 1971, con 588.926 emigrantes, aínda que nos anos 72/73 volven aumenta-las cifras chegando a 596.087 e 618.079 residentes, respectivamente, como consecuencia do fenómeno anteriormente sinalado.

Nos anos 1974 e 1975 as saídas de emigrantes para Francia reducíronse e os regresos ó país orixinario multiplicáronse por mor de diversos factores que conxuntamente favorecen esta nova situación, como son o aumento de nacionalizacións, o retorno dos españois ó seu país de orixe e a crise económica. Deste xeito, segundo Gildas Simón¹⁶⁴, o volume da poboación española en Francia estimabase en 497.000 persoas, reducíndose en 1982 a 382.000 (atendendo a avaliacións españolas) ou 321.000 segundo fontes francesas.

En 1978 ten lugar a diminución máis forte de ingresos¹⁶⁵ debido seguramente, por unha banda, a que o 30 de maio de 1977 entraron en vigor as axudas de retorno establecidas polas autoridades francesas, e por outra, a que neste período e ata o ano 1982 agudízase a crise de emprego na industria e na construción, sumada á limitada entrada a Francia de estranxeiros desde 1973.

A estas condicións favorables para o regreso podéanse engadir dúas máis, unha de tipo político, pois o retorno de España á democracia tra-la morte de Franco acelera o regreso dun certo número de antigos emigrantes políticos e refuxiados instalados dende 1939, e outra, a degradación do clima social e político

¹⁶³ BACHOUD, A. et DREYFUS-ARMAND, G. (1990): "Des espagnols, aussi divers que nombreux Paris 1945-1975". *Paris des étrangers depuis 1945*. La Sorbonne, Paris, pp. 60-61.

¹⁶⁴ GILDAS, S. (1986): "La nouvelle donné migratoire en Europe du Sud". *Revue européenne des migrations internationales*, N°1, Vol. 2, Septembre.

¹⁶⁵ COUSO, J.R. (1982): *Informe de educación de los emigrantes en Europa*. I.E.E., Madrid, p. 22.

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

e os primeiros brotes de reaparición do racismo, configurando unha sociedade máis pechada e fría que se opón a realidade Española¹⁶⁶

Se comparámo-la poboación española en Francia coa dos demais países da CEE decatámonos de que nos anos 60 esta supoñía aproximadamente a metade deste colectivo.

A lectura do diagrama de barras corrobora o enunciado anteriormente. O período da presenza áxida do colectivo español emigrante en Francia sitúase en torno á etapa dos anos 60-75. Os anos 70 constituíron o último episodio de forte éxodo. Podemos describir, sen ningún problema, o perfil da Campá de Gauss.

As estatísticas de emigrantes españois que aparecen recollidos nestes cadros ata 1982 pertencen á emigración de temporada, configurada por traballadores que ían a Francia con contratos inferiores a seis meses, e á emigración permanente que integran ó resto dos trasladados.

Segundo estas categorías, ofrecemos a continuación un cadro que sinala a evolución da poboación española en Francia dende a elaboración do censo de 1982 ata 1990.

CADRO II-5: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN ESPAÑOLA EN FRANCIA DE 1981 A 1990.

ANO	ENTRADA DE TRABALLADORES PERMANENTES	ENTRADA DE TRABALLADORES TEMPOREIROS	ENTRADA POR REAGRUPACIÓN FAMILIAR
1981	336	90.655	657
1982	116	89.492	916
1983	207	85.377	1.128
1984	122	76.867	625
1985	102	70.067	620
1986	186	64.681	597
1987	160	59.331	23
1988	141	51.977	28

¹⁶⁶ BEAURIN, N. (1990): "Des espagnols en France et de la pluriculturalité", en LAMY, B. e P.,M.J. *L'immigration en France et le modèle pluriculturel*. Gallimard, Paris, pp.179-181.

1989	165	42.073	47
1990	503	33.960	3

FONTE: Elaboración propia, *Memoria Anual de Actividades 1991* (D.G. M.).

A partires de 1983 a emigración de temporada corresponde ós traballadores estranxeiros con contratos de menos de tres meses; a temporal a aqueles que teñen contratos superiores a tres meses e inferiores a un ano; e a permanente séguese definindo do mesmo xeito.

Constátase que entre o censo de 1982 e o de 1990 a poboación francesa aumentou en máis de dous millóns de persoas, a poboación xuridicamente estranxeira mantense practicamente en torno a 3,6 millóns. Este estancamento é o resultado de tres factores: o movemento natural da poboación (+220.000 en 8 anos), os fluxos migratorios (+180.000) e as adquisicións de nacionalidade francesa (-500.000)¹⁶⁷.

Actualmente o territorio francés conta con 216.047 emigrantes españois dentro das súas fronteiras. Na figura do cadro¹⁶⁸ de emigrantes españois nados no país de orixe e no de acollida observamos como o 88,00% desta poboación naceu en España fronte ó 12,00%, que naceu en Francia.

A distribución do colectivo emigrante español por idades (Figura II-3) sinala que a poboación infantil é unha das máis baixas nestes momentos, incluso se a comparamos coa doutras comunidades latinas como a italiana ou a portuguesa. A portuguesa, por ser unha emigración máis recente, é moi numerosa. En canto á poboación adulta, España e Italia contan cun número inferior de poboación activa fronte á xubilada. España e Italia, pola súa antigüidade, pasan a ocupa-lo primeiro posto quedando moi relegada Portugal.

Unha panorámica moi xeral da distribución da poboación por grupos de idades é a que se ofrece no cadro 2¹⁶⁹.

¹⁶⁷ EMBAJADA DE ESPAÑA EN PARIS (1991): *Memoria anual de actividades 1991*. Dirección General de Migraciones, Madrid, p. 5.

¹⁶⁸ Ver apéndice I, cadro 1.: Emigrantes españois nados en España e en Francia. Censo 1990.

¹⁶⁹ Ver apéndice I, cadro 2.: Distribución da poboación por grupos de idades durante o período 1960-1990.

Un factor clave para coñece-la evolución da poboación emigrante en Francia e a súa integración é sabe-lo número de nacionalizacións que se produciron (ver a continuación os cadros II-6 e II-6 cont.).

CADRO II-6: NÚMERO DE EMIGRANTES QUE SE NACIONALIZARON FRANCESES NO PERÍODO DE 1960-1990.

ANOS	ESPAÑÓIS	OUTROS PAÍSES	TOTAL
1960	7.067	22.616	29.683
1961	5.954	20.000	25.954
1962	6.864	21.285	28.149
1963	7.585	23.063	30.648
1964	7.164	20.125	27.289
1965	10.946	30.541	41.487
1966	7.571	22.917	30.488
1967	15.008	42.223	57.231
1968	11.083	27.204	38.287
1969	11.115	27.282	38.397
1970	10.122	24.878	35.000
1971	11.914	28.075	39.989
1972	10.823	24.431	35.254
1973	9.593	24.023	33.616
1974	9.450	26.533	35.983
1975	9.501	31.837	41.338

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Institut National de la Statistique et des études économiques (INSEE, 1990).

CADRO II-6 (cont.): NÚMERO DE EMIGRANTES QUE SE NACIONALIZARON FRANCESES NO PERÍODO DE 1960-1990.

ANO	ESPAÑOIS	OUTROS PAÍSES	TOTAL
1976	9.501	35.587	45.088
1977	9.924	38.158	48.082
1978	9.544	41.394	50.938
1979	9.371	37.419	46.790
1980	8.263	43.840	52.103
1981	8.422	45.589	54.011
1982	6.976	41.851	48.827
1983	4.646	29.829	34.475
1984	4.152	26.599	30.751
1985	6.448	42.251	48.699
1986	5.019	40.605	45.624
1987	3.216	30.690	33.906
1988	4.459	41.892	46.351
1989	3.319	46.011	49.330
1990	2.868	51.498	54.366

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Institut National de la Statistique et des études économiques (INSEE, 1990).

Advírtese que no período de 1965-1972 o número de nacionalizacións foi moi elevado, non volvendo a alcanzar cifras tan altas ata o momento actual. Non obstante, pódese apreciar que, en xeral, o número de nacionalizacións continúa

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

sendo considerable. Esta poboación nacionalizada, como é obvio, xa non aparece reflectida nas estatísticas francesas en calidade de estranxeiro mentres que nas españolas si. Cómpre sinalar que algúns dos compoñentes deste grupo teñen recoñecida as dúas nacionalidades, co que xurídica ou formalmente non son estranxeiros nin no seu país de orixe nin no de residencia.

Os datos actuais denotan nalgúns casos asimilación e noutros integración do emigrante español en Francia. Nacionalizarse non supón nin conleva abandona-la cultura de orixe, senón ter dereito a participar na vida social do país de acollida en tódalas esferas.

No ano 1990 o número de emigrantes españois activos laboralmente é de 95.762 fronte a 11.968 parados. No cadro 6 tamén podemos constata-la distribución por sexos que, como era previsible, corrobora a presenza maior de homes que de mulleres. O paro tamén afecta proporcionalmente de maneira máis acusada á poboación feminina.

CADRO II-7: EMIGRANTES ESPAÑOIS EN FRANCIA ACTIVOS E EN PARO POR SEXOS. CENSO 1990.

	ACTIVOS	PARADOS	TOTAL
MULLERES	35.532	5.784	41.316
HOMES	60.230	6.184	66.414
TOTAL	95.762	11.968	107.730

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Institut National de la Statistique et des études économiques (INSEE, 1990).

Outra variable que podemos ter en conta é a adquisición da carta de residencia por parte do emigrante español. É significativo comprobar que en 1990, do total dos traballadores estranxeiros, un 10% era español.

No cadro 3. que figura no apéndice¹⁷⁰ podemos obter unha lectura detallada da adquisición da carta de residencia dos emigrantes españois dende 1960 ata 1990.

Cando falamos de traballadores permanentes, referímonos ó grupo humano que por motivos laborais ten o seu domicilio por un período superior a un ano no país de acollida.

A reagrupación familiar tamén se dá no caso da emigración española, e a entrada de familiares españois é importante nos anos 60, sobre todo no período comprendido entre 1961 e 1970¹⁷¹.

Antes de 1960, *so se contabilizaba a entrada de membros da familia polo Office des Migrations Internationales cando se referían ó traballador que entrara polo procedemento regular, e non naqueles casos nos que a situación fora obxecto de regularización.*

Non podemos detalla-las entradas a partir de 1985 xa que a incorporación de España á Comunidade Económica Europea favoreceu que a poboación española puidese entrar en Francia con máis facilidade e sen necesidade de control.

En canto á distribución dos españois emigrantes por rexións no territorio francés, é constatable que as tres rexións que contan cun maior número de emigrantes españois son Ile-de-France, Languedoc-Roussillon e Rhône-Alpes seguida de Provence-Alp.-C. d'Azur.

¹⁷⁰ Ver apéndice I, cadro 3.: Traballadores españois asalariados e permanentes en Francia (entrega da primeira carta de residencia) período 1960-1990.

¹⁷¹ Os datos concretos pódense consultar no apéndice I, cadro 4: Número de familiares españois que entran en Francia para xuntarse co emigrante xa establecido.

**CADRO II-8: DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN EMIGRANTE ESPAÑOLA POR
REXIÓN FRANCESA E ANÁLISE COMPARATIVA CON OUTROS
RESIDENTES DA UE EN FRANCIA E CO COLECTIVO FRANCÉS.**

	FRANCIA	UNIÓN EUROPEA	ESPAÑA
Alsace	1.495.519	2.214.365	5.261
Aquitaine	884.400	100.918	5.976
Auvergne	2.683.242	54.705	4.337
Basse- Normandie	1.372.033	10.770	716
Bourgogne	1.527.816	64.931	4.266
Bretagne	2.770.333	13.496	944
Centre	2.256.200	86.271	5.338
Champagne- Ardenne	1.285.179	41.745	3.205
Corse	225.188	13.990	428
Franche- Comté	1.030.765	24.546	2.136
Ille de France	9.282.659	826.134	59.572
Languedoc- Rousillon	1.983.025	67.799	33.549
Limousin	703.322	16.628	944
Lorraine	2.152.815	119.187	5.304
Midi- Pyrénées	2.327.969	83.596	17.084
Haute- Normandie	1.682.908	82.081	1.340

Pays de la Loire	3.015.054	25.862	1.312
Picardie	1.737.262	21.660	2.982
Poitou-Charentes	1.571.703	50.147	1.432
Provence-Alp.-C.d'Azur	3.958.089	22.580	19.211
Rhône-Alpes	4.923.901	143.972	23.388
Nord-Pas-de-Calais	3.801.079	263.910	3.772

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Instituto National de la Statistique et des études économiques (INSEE, 1990).

Se nos fixamos nos emigrantes procedentes doutros países¹⁷² comprobamos que a rexión de Ile de France é a que conta con maior poboación estranxeira, sendo a súa distribución similar á que representaba España¹⁷³. Esta distribución da poboación non nos sorprende, xa que o emigrante sempre se dirixe cara ás grandes cidades e cara ós focos máis industrializados nos que se reclama a súa man de obra. Os tres puntos de maior concentración son os anteriormente sinalados, aínda que hai que destacar París como o Departamento que absorbe un maior número de estranxeiros. Na Memoria Anual de 1983 do Instituto Español de Emigración sinálase que un 27% desa poboación é emigrante. Se soamente temos en conta a poboación activa laboralmente, os datos volven ser coincidentes e reafirman o exposto¹⁷⁴.

¹⁷² Dentro deste colectivo integramos tódolos países con poboación emigrante en Francia, independentemente de que pertencen ou non á Comunidade Económica Europea.

¹⁷³ Ver apéndice I, cadro 5: Distribución da poboación española en Francia por rexións. Censo 1990.

¹⁷⁴ Ver apéndice I, cadro 6: Distribución da poboación española activa en Francia por rexións. Censo 1990.

Co expresado anteriormente só pretendemos realizar un achegamento á realidade demográfica actual da emigración española en Francia e non un estudo exhaustivo da materia. Na medida en que estes datos ofrecen unha visión globalizada desta realidade podemos dicir que conseguímo-lo noso obxectivo neste punto.

En apartados posteriores deste informe aproximáronos ó estudo das implicacións que ten a emigración española a Francia para o país de acollida.

2.2.3. A POBOACIÓN GALEGA NA EMIGRACIÓN A FRANCIA

Un grupo poboacional que queremos destacar dentro da emigración española a Europa é o galego, xa que "Galicia aparece dentro del panorama español como una de las regiones en las que la emigración adquiere maior relieve convirtiéndose por sus proporciones y matices en un problema fundamental de cara a su desarrollo"¹⁷⁵. A corrente migratoria galega sempre destacou polo seu volume, ó longo do S. XIX e no primeiro tercio do XX coa súa variante transoceánica, e nas décadas posteriores na súa variante continental ou europea.

En numerosos casos os emigrantes saíron cara a Europa dende unha rexión diferente á do seu nacemento. Deste xeito ponse de manifesto, por un lado, a relevancia das migracións interiores na nosa comunidade e por outra, que as migracións interiores son ás veces o primeiro paso cara a traslación exterior.

Francia é destino preferente dos galegos antes e despois da guerra civil española. A emigración galega que se dirixe cara a Francia deixa e abandona o tradicional marco da emigración transoceánica. Os países europeos veñen a substituír ó Novo Mundo. A insuficiente man de obra destes países -consecuencia da diminución da natalidade e do control da mesma-, a crise económica dos anos trinta e a Segunda Guerra Mundial, uns mellores niveis de instrución (que os levan a rexeita-los traballos peor considerados socialmente), permiten un posterior desenvolvemento industrial e económico destas sociedades favorecendo a apertura das fronteiras á man de obra dos países da cúnca Mediterránea. Por

¹⁷⁵ HERNÁNDEZ BORGE, J. (s.d.): "La emigración gallega a Europa, 1961-75". XIII Congreso Internacional. Madrid, Tomo III, p.359.

outra banda, a estabilidade política e económica ofrécelle ó emigrante unha alta seguridade no cumprimento dos contratos.

En Galicia a situación social e económica era moi diferente á deses países industrializados e os fluxos de emigrantes dirixíranse ós países veciños para cubri-las necesidades de man de obra que rexeitaban os autóctonos. Fundamentalmente predominan catro áreas de actividade: a construción, a industria mecánica, a siderurxia e as actividades agrícolas¹⁷⁶.

A emigración a Europa caracterizouse, e segue a caracterizarse, por ser unha poboación en pleno período de produción na que as capas máis novas e máis vellas da sociedade non teñen cabida. Sen embargo hai que salientar que no caso francés é no que adoitan ter unha maior representación.

No impulso desta corrente migratoria tiveron importancia os acordos asinados entre diversos países europeos e España: Bélxica (1956), Alemania (1960), Francia (1961), Suíza (1961), Holanda (1961) ou Austria (1962)¹⁷⁷.

O colectivo galego, aínda que non é dos máis numerosos, si é digno de ser tomado en consideración. Suíza parece ser, no caso galego, o principal destino, pero son tamén considerables as saídas cara Francia, sobre todo a comezos dos anos 60.

CADRO II-9:EMIGRACIÓN GALEGA NO PERÍODO 1960-1967.

	FRANCIA	SUIZA	ALEMANIA
GALICIA	2,00	27,67	18,03

FONTE: Elaboración propia a partir de Sánchez López, F. (1969): *Emigración española a Europa*. P. 31.

¹⁷⁶ Estamos a referirnos ó emigrante permanente e non de temporada.

¹⁷⁷ HERNÁNDEZ BORGE, J. e DURÁN VILLA, F.R. (1992): *Guía bibliográfica de emigración galega*. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela, pp. 37-38.

O Plan de Estabilización Nacional da economía española de 1959 produciu un incremento do desemprego, que coincide coa expansión económica nos países industrializados da Europa Occidental, propiciándose así unha emigración masiva. O declive do éxodo a partir de 1970 reducirá considerablemente a súa significación.

A importancia da emigración en cifras reais lévanos a confrontalos datos do Instituto Español de Emigración (emigración asistida) pero tamén a ter en conta o elevado volume de poboación que marchaba con pasaporte de turista e logo se instalaba nos países de acollida legalizando a súa situación.

Como mencionan JUANA E FERNÁNDEZ "Mientras que para el conjunto del Estado español el movimiento migratorio conoció un proceso de reducción desde 1974, el gallego lo mantuvo a unos niveles mayores, con lo que pasó a representar el 43,9% del total de emigrantes españoles a Europa, y recuperó así el protagonismo"¹⁷⁸. En 1974, primeiro ano da crise económica europea, o fluxo de chegadas aminórase polo peche das fronteiras, ata minguar completamente nos anos 80. Ó redor de 289.792 galegos dirixíronse a Francia entre 1960 e 1980¹⁷⁹. Esta cifra foise reducindo paulatinamente debido a diversas causas de tipo social e económico, como pode se-la xubilación e a xubilación anticipada de moitos dos galegos que chegaron nos primeiros anos a Europa, o envellecemento da poboación, o paro e os despedidos de empresas que teñen que pechar. Son tamén motivos que inciden nesta redución as axudas ós emigrantes para retornar ós países de orixe fomentando o regreso dunha parte significativa deles nesta década, e o afinamento definitivo como cidadáns nos países de residencia nalgúns casos das segundas e terceiras xeracións.

As vantaxes que Europa ofrecía pola súa proximidade (o que ocasionaba unha viaxe máis curta e de menores desembolsos e que permitía un retorno periódico máis frecuente ó lugar de orixe), así como a elevada probabilidade de encontrar colocación e un maior nivel salarial, orixina unha resposta positiva por parte do colectivo emigrante. No caso galego constátase que a resposta a esta

¹⁷⁸ JUANA, de J. e FERNÁNDEZ, M.A. (1990): "Población y emigración en la Galicia contemporánea". V *Xornadas de Historia de Galicia. Galicia y América: El papel de la emigración*. Deputación de Ourense, Ourense, p. 60.

¹⁷⁹ ALONSO ANTOLIN, M.C. (1983): *La emigración gallega asistida a la República Federal de Alemania, Francia y Suiza*. I.E.E., Madrid, p. 14.

emigración europea é moi desigual segundo as provincias e as comarcas. A provincia de Ourense ocupa un lugar relevante nun primeiro momento proporcionando o 51,15% dos emigrantes continentais permanentes de Galicia e algo máis da décima parte dos españois 10,29%¹⁸⁰. Máis tarde sitúase nun segundo lugar detrás da provincia de A Coruña. En base ó *Informe da Colonia Gallega Residente en Países Europeos. Evolución* ofrecémo-lo seguinte cadro comparativo:

CADRO II-10: DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN GALEGA EN EUROPA POR PAÍSES.

PAÍSES	Nº DE GALEGOS	Nº DE ESPAÑOIS	PORCENTAXE
ALEMANIA	90.000	170.000	53%
BELXICA	4.000	50.000	8%
HOLANDA	12.000	25.000	48%
PORTUGAL	5.500	8.000	68%
REINO UNIDO	32.000	46.000	70%
SUIZA	55.000	110.000	50%
FRANCIA	50.000	400.000	12%
TOTAL	248.500	809.000	31%

FONTE: Centros Galegos, Xunta de Galicia¹⁸¹.

Como xa recollimos noutro apartado, a partir de 1958 Francia contrata de maneira oficial traballadores que van constituír ata 1964 a metade da emigración

¹⁸⁰ HERNÁNDEZ BORGE, J. (1990): *Tres millóns de galegos*. Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela, p. 80.

¹⁸¹ A Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, ante a carencia de datos sobre o número de galegos residentes no exterior, promoveu a realización dunha enquisa entre os 240 centros galegos no exterior, polo que as cifras reflectidas neste cadro non se corresponden coas sinaladas en parrafos anteriores, porque neste caso a fonte de procedencia é o *Estudio da poboación galega na Galicia do Exterior*.

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

estranxeira anual e unha colonia de máis de 500.000 persoas residentes. Esta poboación localizarase principalmente nas áreas industriais, destacando París con 22.000 galegos¹⁸². Outras cidades receptoras de man de obra galega serán Burdeos, Toulouse, Montpellier, Marsella, Nimes, Tolon, etc.

O fluxo galego a partir do ano 1965 redúcese. Francia representa nos momentos máis áxidos o terceiro destino continental dos emigrantes galegos (despois de Suíza e Alemania) a principios dos anos 60¹⁸³. Esta corrente foi decaendo progresivamente ata o peche da emigración en 1974. Cómpre salientalo caso de Suíza que a partires de 1974 segue recibindo man de obra galega, o que non quere dicir que saian emigrantes diferentes, senón que repiten moitos dos que marchan con contratos temporais Bertrand dinos ó respecto: "...hai un peso cada vez maior dos galegos dentro dos emigrantes españois debido á excelente reputación dos obreiros galegos. Ademais os emigrantes de Galicia beneficianse máis que os do resto de España de contratos e permisos de residencia anuais e renovados regularmente polo que crece a súa participación entre os residentes españois neste país alpino"¹⁸⁴.

CADRO II-11: PORCENTAXE DE GALEGOS EMIGRADOS CARA EUROPA CON RESPECTO Ó CONXUNTO DO ESTADO ESPAÑOL NO PERÍODO DE MAIOR VOLUME.

PERÍODOS	GALEGOS/ESPAÑOIS
1961-1965	18,75%
1966-1970	21,56%

¹⁸² XUNTA DE GALICIA [1994]: *Informe. Colonia Gallega Residente en Países Europeos. Evolución. Repercusiones positivas de la Europa Unida para los gallegos residentes en el exterior*. Secretaria Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, Santiago de Compostela, p. 4.

¹⁸³ BERTRAND, J.R. (1992): *A Poboación de Galicia-Estudios Xeográficos*. Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela.

¹⁸⁴ BERTRAND, J.R. (1983): "Les galiciens en Suisse, <aventure solitaire> ou migration collective?". *Espace-Populations-Sociétés*, p. 41, citado por HERNÁNDEZ BORGE, J. e DURÁN VILLA, F.R. (1992): *Guía bibliográfica de emigración galega*. Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela, p. 40.

1971-1975	28,78%
1961-1975	23,13%

FONTE: HERNÁNDEZ BORGE, J. (1990): *Tres millóns de galegos*. P. 79.

En comparación co conxunto da emigración española a Francia no período 1960-1976, o contingente de galegos é reducido. Podemos dicir que é unha emigración marxinal. Sen embargo, se tomanos como ámbito de referencia Europa temos que destaca-lo feito de que Galicia presenta un rasgo orixinal fronte ó resto do Estado pois continúa alimentando simultaneamente dúas correntes migratorias, a transoceánica e a continental, feito que non se deu en ningunha outra rexión nas mesmas proporcións¹⁸⁵.

Se facemos esta comparación co resto das Comunidades Autónomas, comprobamos que a comunidade que máis contribuíu ó proceso migratorio foi Galicia, representando un 29% do total, o que supón máis de 435.000 emigrantes. Séguea en importancia número Andalucía cun 25%, concentrándose nestas dúas Comunidades Autónomas o 54% do fluxo migratorio español.

CADRO II-12: EMIGRACIÓN ESPAÑOLA A EUROPA POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.

	1962/1990	TOTAL
Andalucía	25,0	374.479
Aragón	1,0	14.990
Asturias	1,6	23.696
Baleares	0,2	3.329
Canarias	3,8	58.064
Cantabria	0,8	12.229

¹⁸⁵ HERNÁNDEZ BORGE, J. (1990): *Tres millóns de galegos*. Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela, p. 77.

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

Castilla-La Mancha	3,5	53.737
Castilla e León	8,8	133.957
Catalunya	3,4	51.387
País Valenciá	6,1	92.525
Extremadura	5,1	78.163
Galicia	29,0	435.573
Madrid	7,2	109.426
Murcia	3,2	48.479
Navarra	0,6	8.919
País Vasco	1,2	18.017
La Rioja	0,1	2.119
Ceuta e Melilla	0,2	3.948

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario de Migracións* (1993), p.28.

2.2.3.1. O MOVEMENTO ASOCIATIVO NA EMIGRACIÓN A FRANCIA

O movemento asociativo en Francia, e concretamente na capital gala rexurde nos anos 70 ó acada-la idade escolar os fillos dos emigrantes das primeiras xeracións. A necesidade de que o código lingüístico de orixe seguise sendo o medio de comunicación familiar, leva a que un grupo de pais principalmente en París se xunten e vaian creando asociacións (as diversas APFEF por distritos). O nacemento deste pequeno movemento social faise notar coa recollida de firmas en tódolos espazos que eran de acceso ós españois, portas de consulados, *organismos* españois, empresas con asalariados españois: "hemos recogido todos los padres firmas por todos los sitios donde había españoles para hacer una reivindicación a nivel de las autoridades españolas y que nos enviaran profesores de España, evidentemente pagados por el gobierno..."

a partir desta iniciativa, fueron llegando los primeros profesores de las clases complementarias de lengua y cultura españolas"¹⁸⁶.

O ASOCIACIONISMO GALEGO

Se a impronta de Galicia no exterior é algo vivo e actual débese basicamente ás distintas modalidades de organización que os emigrantes puxeron en práctica para salvagardar e preservar a súa identidade étnica. Se ben os *Centros galegos de Europa non teñen a mesma forza* que os ubicados alén mar, constitúen coma aqueles espacios de transmisión da cultura dun pobo. Estes espacios de encontro non son lugares pechados á diversidade e intercambio senón todo o contrario, caracterizándose por ser puntos de encontro plurinacional e intercultural. Como característica principal de case todos eles cómpre sinala-lo seu réxime democrático e o apartidismo político.

A Casa Galicia en París fúndase en 1958 coa chegada dos primeiros emigrantes, e é recoñecida polas autoridades francesas en 1959. Esta é a primeira Asociación galega en París da que podemos destacar tres etapas no seo da súa historia:

Primeira etapa: En 1973, tivo lugar a fusión de varios Centros galegos que deron lugar a "O Toxo".

Segunda etapa: Como resultado da fusión de "O Toxo" co "Centro Galego" aparecerá en 1977 "A Lareira".

Terceira etapa: O 3 de febreiro de 1985 as dúas entidades galegas -"A Lareira" e "Casa Galicia"- existentes, en assemblea conxunta fúsiónanse nacente "CASA GALICIA. ACG (Asociación Cultural Galega)". En canto ó volumen de socios non podemos sinalar unha cifra concreta, porque como resultado da unión cada día incorpóranse novos socios. O organigrama de funcionamento compoñíase de tres comisións responsables: artística, cultural e deportiva.

O 15 de xuño de 1989 "Casa Galicia" solicita o recoñecemento da galegitude. O número de socios cos que conta nese momento é

¹⁸⁶ Ent. 1. (París, diciembre de 1995). A información obtida das entrevistas non foi tan significativa e relevante como esperabamos.

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

aproximadamente de 350, que podemos agrupar en 330 galegos de orixe e 20 descendentes directos.

Pola resolución do 21 de xuño de 1990 (99/EU/90) outórgaselle o recoñecemento da galeguidade á "Casa Galicia. ACD".

Dous anos despois, en 1991, o número de socios increméntase ascendendo a 370 (320 de orixe galega e 40 descendentes de galegos), cifras que respecto ás de 1989 sufren un aumento invertido. Destes datos podemos deducir un envellecemento da poboación galega residente en París, pero tamén un importante retorno ó país, así como a permanencia das segundas e terceiras xeracións que, a pesar de ter optado pola nacionalidade francesa en numerosos casos, seguen vinculadas a través destas sociedades á súa cultura de orixe.

Cómpre destacar que Casa Galicia. A.C.G. conta cunha biblioteca de máis de 1.500 volumes, sendo frecuentada cunha asiduidade media de 20 persoas por día. A publicación *A Lareira*, voceiro da institución, de periodicidade trimestral, ten unha tirada aproximada de 2.000 exemplares. Outro espazo de relación a destacar é a agrupación folclórica *Alborada* (coro e danzas), así como unha agrupación deportiva.

Outra entidade galega significativa no país veciño é o Centro Galego de Marsella, de creación máis recente, pois foi fundado en 1978.

2.3. RECAPITULACIÓN E SÍNTESE.

Os diversos ciclos históricos polos que decorre a emigración continental, permítenos suliñar algunhas datas fundamentais da súa evolución, así o ano 1954 resulta clave na política exterior de España, que reconsidera a situación da emigración e favorece a instalación de axencias de recrutamento en España. Esta apertura fronte ó peche estrito existente ata o momento favorece a creación do IEE, actual Dirección General de Migraciones, que terá como cometidos esenciais o control dos emigrantes e a súa asistencia no estranxeiro.

Non estamos en condicións de afirmar que se fomenta nesta época a emigración dende o Estado Español, pero si que podemos dicir que se "encauza". Contando cunha autoridade económica proteccionista no comercio exterior e con

controis de cambio, déronse toda clase de facilidades para a saída de traballadores, despregándose tódolos esforzos para presenta-la emigración como un fenómeno espontáneo. Ante este proceso, as autoridades españolas adoptan unha certa actitude liberal no sentido de querer aparentar unha apertura de fronteiras, "certa" en tanto que a emigración exterior española foi unha emigración notablemente controlada e subvencionada; emigración que se nutre de efectivos humanos procedentes do mundo agrícola. España segue a ser un país eminentemente rural, que lentamente pasará a incorporarse á bolsa do mundo industrial. Neste contexto, e concretamente no caso da emigración española a Francia, o volume de persoas que emigran do rural ó urbano medra considerablemente na década dos 60-70, constatándose un descenso nos últimos anos froito das medidas adoptadas polo goberno francés. Os emigrantes españois ó estranxeiro diminuíron de maneira sostida e continua, pasando dunha fase con altos niveis de emigración a outra de baixos niveis, *ata chegar mínimos na actualidade*.

Como conclusión deste capítulo debemos sinalar que as etapas establecidas marcan a evolución histórica e política nestas catro últimas décadas, percorrendo dende a emigración clandestina a mediados dos anos 50 ós intentos de control e organización desta masa humana (66-73). A crise económica que estoupa en 1973 a raíz da subida dos prezos do petróleo, provoca un conflito de interese entre países de emigración e de inmigración conlevando un endurecemento da política migratoria e o peche das fronteiras como intento dun maior control deste fenómeno (74-75). Nos nosos días prodúcese un recrudescemento da devandita política a partir de 1993 para os países exteriores á *Unión Europea*.

Como resultado da restauración da democracia en España, en 1977, a política migratoria vai mudar, favorecendo a creación dun censo especial de emigrantes, unha democratización real do Instituto Español de Emigración, implantación dunha política educativa baseada nas necesidades dos emigrantes e nas dos seus fillos, e o establecemento dos Consejos de Residentes Españoles no exterior.

Dende os anos 90 téntase dende a administración española non só favorecer unha "integración intercultural", senón favorece-lo regreso do colectivo dos emigrantes.

O INTERCULTURALISMO NA NOVA EUROPA

En canto ó volume de emigrados cómpre indicar que o momento máis álxido é o período 1962-1968, no que a poboación exterior en Francia case se duplica para sufrir un descenso progresivo a partir de 1975 polo peche da fronteira e polas nacionalizacións das segundas xeracións. A lectura destes datos de xeito máis detallado pódese efectuar no apartado "*emigración en cifras*".

Na actualidade tódolos datos apuntan a que España deixou de ser un país de emigración cara ó exterior pasando a ser un país de inmigración e España presenta outra imaxe e outra realidade socioeconómica, sociopolítica e sociocultural tanto ante os países desenvolvidos do seu contorno como ante os menos desenvolvidos ou en vías de desenvolvemento, que o miran como país de referencia en destino. Este cambio de imaxe prodúcese fundamentalmente ó redor dos anos oitenta.